



Proxecto Curricular de Centro

2º Ciclo de Educación Primaria

Ceip. de Figueiroa - A Estrada

Curso 2009/2010

ÍNDICE

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA	4
COMPETENCIAS BÁSICAS DA ETAPA	5
OBXECTIVOS DE ETAPA POR ÁREA	6
COÑECEMENTO DO MEDIO	6
• OBXECTIVOS DE ETAPA	6
• OBXECTIVOS DE 2º CICLO	7
• CONTIDOS DO 2º CICLO	8
• COMPETENCIAS BÁSICAS	14
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	15
EDUCACIÓN ARTÍSTICA.	18
• OBXECTIVOS DE ETAPA	18
• OBXECTIVOS DE 2º CICLO	19
• CONTIDOS DO 2º CICLO	20
• COMPETENCIAS BÁSICAS	23
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	25
EDUCACIÓN FÍSICA	26
• OBXECTIVOS DE ETAPA	26
• OBXECTIVOS DE 2º CICLO	27
• CONTIDOS DO 2º CICLO	28
• COMPETENCIAS BÁSICAS	29
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	31
LINGUA GALEGA	33
• OBXECTIVOS DE ETAPA	33
• OBXECTIVOS DE 2º CICLO	34
• CONTIDOS DO 2º CICLO	34
• COMPETENCIAS BÁSICAS	38
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	40
LINGUA CASTELÁ	42
• OBXECTIVOS DE ETAPA	42
• OBXECTIVOS DE 2º CICLO	43
• CONTIDOS DO 2º CICLO	44
• COMPETENCIAS BÁSICAS	47
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	49

LINGUA ESTRANXEIRA	52
• OBXECTIVOS DE ETAPA	52
• OBXECTIVOS DE 2º CICLO	53
• CONTIDOS DO 2º CICLO	53
• COMPETENCIAS BÁSICAS	55
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	56
MATEMÁTICAS	58
• OBXECTIVOS DE ETAPA	58
• OBXECTIVOS DE 2º CICLO	59
• CONTIDOS DO 2º CICLO	60
• COMPETENCIAS BÁSICAS	63
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	65
RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA	66
• OBXECTIVOS DE ETAPA	66
• OBXECTIVOS DE 2º CICLO	67
• CONTIDOS DO 2º CICLO	68
• COMPETENCIAS BÁSICAS	69
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	72
METODOLOXÍA DIDÁCTICA	73
• AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS	76
• ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS	77
• ORGANIZACIÓN DO TEMPO	78
MATERIAIS E RECURSOS	79
AVALIACIÓN	80
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	84
PLAN DE LECTURA NO CURRÍCULO DA ETAPA PRIMARIA	89
EDUCACIÓN EN VALORES	96
A ORIENTACIÓN E A FUNCIÓN TITORIAL	98

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- ✓ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- ✓ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- ✓ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- ✓ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- ✓ Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- ✓ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ✓ Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
- ✓ Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- ✓ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- ✓ Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- ✓ Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- ✓ Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- ✓ Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Enténdese por competencia a capacidade de poñer en práctica dunha forma integrada, en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

O concepto de competencia inclúe tanto os coñecementos teóricos coma as habilidades ou coñecementos prácticos e as actitudes. Vai máis alá do saber e de saber facer ou aplicar, porque inclúe tamén o saber ser ou estar.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas:

1. **Competencia en comunicación lingüística.**
2. **Competencia matemática.**
3. **Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.**
4. **Tratamento da información e competencia dixital.**
5. **Competencia social e cidadá.**
6. **Competencia cultural e artística.**
7. **Competencia para aprender a aprender.**
8. **Autonomía e iniciativa persoal.**

As competencias básicas teñen as seguintes características:

- ✓ **Promoven o desenvolvemento de capacidades máis que a asimilación de contidos**, aínda que estes sempre están presentes á hora de se concretaren as aprendizaxes.
- ✓ **Teñen en conta o carácter aplicativo das aprendizaxes**, xa que se entende que unha persoa "competente" é aquela que é quen de resolver os problemas propios do seu ámbito de actuación.
- ✓ **Baséanse no seu carácter dinámico**, xa que se desenvolven de maneira progresiva e poden ser adquiridas en situacións e en institucións formativas diferentes.
- ✓ **Teñen un carácter interdisciplinar e transversal**, xa que integran aprendizaxes

procedentes de diversas disciplinas académicas.

- ✓ **Son un punto de encontro entre a calidade e a equidade.** Por unha parte, con elas inténtase garantir unha educación que solucione as necesidades reais da época na que vivimos (calidade). Por outra parte, preténdese que sexan asumidas por todo o alumnado, de maneira que lles sirvan de base común a todos os cidadáns e cidadás (equidade).

As competencias básicas son, pois, aqueles coñecementos, destrezas e actitudes que todos os individuos necesitan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, para a súa inclusión na sociedade e para a súa incorporación ao mundo do emprego. As competencias deberían adquirirse ao final da ensinanza obrigatoria, e terían que constituír a base dunha continua aprendizaxe ao longo de toda a vida.

OBXECTIVOS DE ETAPA / COÑECEMENTO DO MEDIO

A ensinanza do Coñecemento do medio na etapa de Educación Primaria terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ✓ Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano, amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, etnia, características físicas, personalidade).
- ✓ Identificar e analizar as características, organización e interaccións de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural, progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
- ✓ Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia: a unha familia, a unha escola... a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado (España), a unha cultura europea e a unha universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras culturas a partir da propia identidade.
- ✓ Identificar o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego diferenciándoo do doutras comunidades, identidades e Estados e participando na súa defensa e conservación.
- ✓ Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses, celebracións...), tomando conciencia da súa pertenza a unha delas e respectando as outras no marco dos dereitos recoñecidos ás persoas nas declaracións universais e nos documentos legislativos.
- ✓ Identificar, suscitar e resolver interrogantes e problemas relacionados co contorno usando estratexias de busca, selección e tratamento da información, formulación de hipóteses, comprobación delas, exploración de solucións alternativas e reflexión

sobre o propio proceso de aprendizaxe, e tamén mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.

- ✓ Expresar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, etc. e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, artísticos, lingüísticos) procedentes das diferentes linguaxes.
- ✓ Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e argumentando as propias opinións e contrastándoas coas das outras persoas e adoptando un comportamento responsable, construtivo, comprometido e solidario, respectando as regras de organización pactadas e os principios básicos do funcionamento democrático.
- ✓ Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.
- ✓ Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos históricos.
- ✓ Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar cunha finalidade previamente establecida, utilizando os coñecementos das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.
- ✓ Analizar máquinas e aparellos diversos do contorno (de uso doméstico, laboral...) identificando algúns elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias, valorando a contribución da ciencia e da técnica na mellora das condicións de vida familiares e sociais.
- ✓ Utilizar de xeito responsable e creativo as TIC e o material relacionado coa experimentación e co traballo de campo para aprender a aprender, para obter información e para compartir coñecementos.

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CICLO / COÑECEMENTO DO MEDIO

- Identificar as partes principais do corpo, os órganos, aparatos e sistemas máis importantes e as súas funcións principais.
- Desenvolver costumes de alimentación sa e equilibrada, así como hábitos autónomos de hixiene, coidado corporal e saúde.
- Recoñecer os principais tipos de animais e de plantas citando as súas características máis importantes.

- Coñecer as características da auga, do aire e do chan, e afondar no concepto de ecosistema (compoñentes, tipos e relacións entre os seres vivos).
- Observar o ceo e os fenómenos atmosféricos máis frecuentes, e a súa aparición nas distintas estacións do ano.
- Recoñecer os cambios de estado en diferentes substancias e utilizar este coñecemento para explicar o ciclo da auga na natureza.
- Identificar os principais tipos de paisaxe, recoñecer os elementos naturais e humanos máis característicos de cada un de eles, distinguir entre poboamento disperso e concentrado e analizar a relación entre o hábitat e o medio.
- Identificar os distintos astros que compoñen o Sistema Solar e relacionar os movementos da Terra coa sucesión do día e da noite e das estacións do ano.
- Adquirir estratexias básicas de observación da localidade, a comarca e de Galicia, distinguindo os elementos sociais e naturais, e reflexionar sobre os datos observados.
- Coñecer as principais actividades económicas do sector agrario, industrial e de servizos, analizar o seu impacto sobre a paisaxe natural e interpretar mapas económicos.
- Identificar as características físicas, económicas, sociais e administrativas de Galicia.
- Comprender conceptos básicos como tempo, historia, século, ..., diferenciar as épocas máis importantes da historia e distinguir os cambios na sociedade a través da historia.
- Desenvolver actitudes de interese polo estudo, a protección e a conservación do patrimonio natural, cultural e artístico.
- Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento construtivo e de respecto polos demais compañeiros e interiorizar as normas de funcionamento democrático no grupo escolar.

CONTIDOS DE SEGUNDO CICLO / COÑECEMENTO DO MEDIO

Bloque 1. Os seres humanos e a saúde.

- Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.
- Identificación das partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o funcionamento do corpo humano.
- Valoración da importancia dos sentidos na relación co medio e co resto dos seres humanos. descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.
- Valoración dos hábitos de hixiene persoal, de descanso, de alimentación equilibrada e de exercicio físico adecuado para unha vida saudable. Actitude crítica ante

prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento persoal e da saúde.

- Recoñecemento dalgúns factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe) para favorecer a súa prevención.
- Análise de dietas equilibradas. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais e identificación de sistemas de conservación alimentaria.
- Recoñecemento e valoración das habilidades persoais. Identificación e descrición de emocións e sentimentos propios e alleos.
- Planificación de forma autóctona e creativa de actividades de lecer, individuais ou colectivas.

Bloque 2. As plantas e os animais.

- Identificación de animais e de plantas como seres vivos. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible.
- Identificación de cambios observables que se producen nos seres vivos e na natureza ao longo do ano. Observación e rexistro sistemático do crecemento de plantas e animais do contorno próximo. Elaboración de esquemas que permitan resumir as informacións observadas.
- Recoñecemento das principais características dos animais vertebrados e dalgúns invertebrados. Clasificación de animais a partir de características observables.
- Recoñecemento das características das plantas. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.
- Valoración da importancia da existencia de animais e plantas para as persoas: a agricultura e a gandaría. Estudo dalgúns animais e cultivos típicos de Galicia.
- Interese pola observación e o estudo dos seres vivos, planificando a observación ou preparando visitas-saídas, empregando os instrumentos e materiais necesarios (lupa, termómetro, diario de campo, etc.) e rexistrando o observado, contrastando os rexistros propios cos doutras persoas, comparando as observación con informacións doutras fontes, elaborando unha documentación final que recolla todo o proceso (informe, cartafol, presentación, gráficas...).
- Interese e compromiso pola conservación e coidado de plantas e animais do contorno.

Bloque 3. A vida en sociedade.

- Identificación e representación gráfica da organización da comunidade educativa. Recoñecemento e uso das canles de participación democrática activa na vida e nas actividades do centro.
- Identificación das relacións interpersoais presentes nun grupo ou nunha comunidade (veciñanza, compañeirismo), e valoración da cooperación e do diálogo como forma de construír plans comúns e de evitar e resolver conflitos.

- Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas. Responsabilidade ante a elaboración e o cumprimento das normas de convivencia.
- Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego.
 - Participación activa en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.
 - Planificación de xeito autónomo e creativo de actividades de lecer individuais e colectivas.
 - Observación, identificación e descrición dalgunhas características demográficas e económicas do contorno propio. Uso de datos e de representacións gráficas para a súa análise e comparación sobre contornos rurais e urbanos.
 - Identificación das formas da actividade económica do contorno próximo (traballo, profesións, produción): observación e análise de produtos de consumo habitual no contorno e dos lugares da súa comercialización (mercados, lonxas, feiras, supermercados, tendas), seguimento do proceso de elaboración dun produto e das profesións relacionadas. Realización conxunta de murais, cartafoles, etc. coa información obtida, planificando previamente, contrastando a información, usando diferentes linguaxes e valorando a correcta presentación final do traballo.
 - Desenvolvemento de actitudes de consumo responsable e comercio xusto. Análise crítica dalgunhas mensaxes publicitarias, relacionando a súa incidencia na toma de decisións.
 - Identificación e representación gráfica da estrutura básica de organización do concello propio. Valoración da participación cidadá e da contribución ao funcionamento das institucións.
 - Recoñecemento dos referentes colectivos que manteñen a identidade da propia aldea, parroquia, vila, barrio, cidade, área metropolitana (símbolos, lugares de interese, monumentos emblemáticos, personaxes, institucións, tradicións, nomes das rúas e prazas...).
 - Localización da propia aldea, concello, cidade e doutras agrupacións de poboación nun mapa da provincia, de Galicia, de España, etc., ou noutros medios (SIGPAC, Google Earth...).
 - Identificación dos servizos públicos do concello, vila, localidade... para satisfacer as necesidades humanas. Descrición da súa orixe e transformación. Responsabilidade individual e social na conservación e uso adecuado destes servizos. Recoñecemento e prevención de situacións que poden comportar risco, especialmente as relativas á mobilidade viaria.
 - Utilización de diversas fontes de información (libros, documentos, información oral, medios de comunicación, TIC) para a obtención, selección e contraste de información sobre aspectos da realidade local, municipal e galega e comunicación dela a través de diferentes soportes (visuais, auditivos, dixitais, escritos...) elaborados individual ou colectivamente, valorando o seu contido e a súa presentación.

- Identificación da organización territorial de Galicia e do Estado español e localización das diferentes comunidades autónomas de España. Aproximación ao coñecemento dalgunhas institucións de goberno galegas.

Bloque 4. O medio físico: espazo e materiais.

- Utilización de técnicas de orientación no espazo relacionadas cos puntos cardinais.
- Recoñecemento e uso de aspectos básicos (cromatografía, signos convencionais, lendas) que lle permitan ao alumnado, de xeito elemental, situarse no lugar onde vive a través da lectura de mapas e planos.
- Iniciación ao uso de planos e mapas da aldea, vila, localidade, cidade.
- Identificación dalgúns elementos xeográficos e do relevo do contorno (montañas, ríos, rías, lagoas). Confección de maquetas despois da observación directa da paisaxe.
- Observación e descrición de diferentes tipos de paisaxe. Análise dos cambios que a influencia humana provoca na paisaxe a curto e a longo prazo.
- Valoración da necesidade da conservación do patrimonio (paisaxe, bosques, montañas, praias, monumentos) e das actuacións responsables de defensa e respecto cara ao contorno.
- Elaboración de cartafol ou carpetas en ordenador sobre lugares, paisaxes, o relevo galego, vilas, Galicia ou lugares do mundo, usando fotos, recortes de xornal, deseños, esquemas, artigos e textos expositivos.
- Observación dalgunhas variables meteorolóxicas: temperatura, vento, precipitacións. Uso de aparellos meteorolóxicos (termómetro, catavento...) e iniciación ao rexistro e representación gráfica de temperatura e datos climáticos elementais. Comparación cos datos meteorolóxicos achegados polos medios de comunicación.
- Realización guiada de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico próximo, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando respostas intuitivas ou hipóteses, confrontándoas co resto da clase, planificando conxuntamente o proceso de comprobación, prevendo os medios e os instrumentos necesarios, seleccionando os datos útiles, explorando solucións alternativas, tirando conclusións, comunicando os resultados e reflexionando sobre o proceso desenvolvido).
- Recoñecemento dos movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias (as estacións). Manexo de programas de simulación no ordenador que modelicen o sistema Sol-Terra-Lúa.
- Comparación, clasificación e ordenación de diferentes obxectos e materiais a partir de propiedades físicas observables (estado, volume, cor, textura, olor, atracción magnética), orixe deses obxectos e posibilidades de uso.
- Experimentación cos cambios de estado da auga. Recoñecemento e representación gráfica do ciclo da auga na terra. Valoración dos usos sociais da auga (vivenda, regadío, industria...) e da importancia da súa utilización responsable.

- Identificación das características e propiedades do aire e das actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
- Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.
- Comprobación experimental para a análise e identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen.
- Observación da intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. Identificación do sol e da auga como fontes de enerxía. Valoración do uso responsable da enerxía no noso planeta. Recoñecemento da responsabilidade individual e colectiva no aforro enerxético.
- Busca de información en fontes variadas sobre algúns problemas urbanísticos e ambientais máis comúns en Galicia e elaboración de murais coa información recollida, logo de análise, contraste e valoración dela.
- Reflexión sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación do medio natural ante a produción de residuos e a contaminación.
- Identificación e preparación de mesturas de diferentes substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno (con zume, leite...).
- Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga, prismas) ante a luz.
- Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a calor facendo predicións explicativas sobre resultados. Utilización de técnicas elementais de busca e rexistro sistemático de datos utilizando diversas estratexias de comunicación das conclusións.

Bloque 5. O paso do tempo.

- Utilización de unidades de medida temporal (década, século) e aplicación das nocións de sucesión, ordenación e simultaneidade na análise da evolución dalgún aspecto da vida cotiá ao longo do tempo (vivenda, transporte, vestuario, alimentación, xogos infantís,, festas), diferenciando o tempo biolóxico do tempo histórico.
- Utilización de documentos escritos, dixitais e audiovisuais para obter información histórica, coa posterior selección e contraste da información, uso de técnicas de rexistro e representación e elaboración de distintos traballos sobre o pasado familiar e próximo, comunicando a información con diversas estratexias.
- Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegadas antigas no contorno (tradicións, edificios, obxectos, manifestacións artísticas). Identificación dalgunhas evidencias do pasado no contorno propio (na aldea, na localidade, na vila, na cidade...): os vestixios e os museos.
- Aproximación a sociedades dalgunhas épocas históricas a partir do coñecemento de aspectos da vida cotiá.
- Identificación do papel de homes e mulleres na historia. Realización de traballos sobre a historia de mulleres e homes (personaxes significativos da localidade, de

Galicia...) empregando fontes variadas, confrontando datos e elaborando un esquema, un texto expositivo... coa información atopada e seleccionada.

- Realización de cronogramas para a clasificación de imaxes referentes a feitos relevantes da historia da localidade e de Galicia en diferentes épocas históricas. Elaboración de álbums ou preparación conxunta de exposicións.
- Utilización da información oral, da prensa e da internet para investigar feitos importantes ocorridos no contorno próximo nas últimas décadas ou no último século, uso de eixes cronolóxicos para representalos e elaboración de cartafoles, carpetas dixitais... Valoración do intercambio interxeracional de experiencias.
- Sensibilidade cara á conservación dos restos artístico-culturais presentes no propio contorno.

Bloque 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

- Realización de gráficos que relacionen oficios e profesións (modista-modisto, cociñeira-cociñeiro, albanel, etc.) cos materiais, ferramentas e máquinas (máquina de coser, tesoiras, forno, paleta...) que utilizan.
- Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela, etc.).
- Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes móbiles, tesoiras, rodas, manivelas, espremador, batedor, reloxo, pinzas, culleres de xeador, inxeccións, triturador, alicate).
- Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela incluíndo operadores mecánicos.
- Valoración da influencia da tecnoloxía nas condicións de vida e no traballo.
- Relevancia dos inventos de mulleres e homes e valoración da súa contribución á mellora das condicións de vida. Realización de traballos sobre inventoras e inventores utilizando fontes variadas de información.
- Apreciación da importancia das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico e non doméstico, superando estereotipos sexistas.
- Recoñecemento dos riscos que poden xerar diferentes aparellos e ferramentas cotiás en función das súas características. Reflexión sobre a prevención de riscos e elaboración conxunta de folletos sobre as normas necesarias para previlos.
- Interese por coidar a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.
- Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para buscar información e para a súa comunicación, usando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión) e o seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información na internet.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO
--

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno/a debe...

- Ser quen de explicar como funciona o corpo humano, coa fin de actuar para previr enfermidades e conservar a saúde propia e a dos demais.
- Ser quen de reflexionar criticamente e de manifestar actitudes responsables sobre o medio natural.
- Ser quen de aplicar coñecementos científicos para explicar o mundo físico e resolver problemas da vida cotiá.
- Ser quen de explicar con criterios científicos o funcionamento dos seres vivos e a súa interacción co medio natural e cos seres humanos.
- Ser quen de comprender as características das paisaxes e de distintos contornos para valorar a súa diversidade e para orientarse no espazo próximo.

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe:

- Ser quen de entender a organización social e económica nos contornos máis próximos, para participar como cidadán activo na vida social.
- Ser quen de recoñecer feitos e personaxes do pasado para comprender o presente no seu contorno máis próximo.
- Ser quen de comprender e valorar a realidade social para convivir de forma tolerante e solidaria.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística.

Na área de Coñecemento do medio preséntanse distintos tipos de información: textos expositivos, carteis, noticias, folletos etc., que permiten traballar a competencia lectora. Ademais, desenvólvense as habilidades de comunicación oral mediante actividades de intercambio de opinións sobre diversos temas.

Competencia matemática.

Desde Coñecemento do medio, de maneira especial nos temas relacionados coas Ciencias físicas e coa Xeografía, contribúese ao desenvolvemento da competencia matemática propoñendo a interpretación e a expresión matemática dos feitos e dos fenómenos. En

segundo ciclo trabállanse de maneira especial noções relacionadas coa interpretación numérica do mundo físico (a medida do tempo e da distancia, e a introdución a a medición da materia) e da sociedade (demografía e actividades económicas).

Tratamento da información e da competencia dixital.

Esta área contribúe ao tratamento da información a través de múltiples actividades de observación e descrición da realidade, igual ca de rexistro e de clasificación de información en distintos formatos -táboas, fichas, escritos...-. Por outra parte, nesta área faise unha introdución ao ordenador e ao seu funcionamento.

Competencia cultural e artística.

Desde a área de Coñecemento do medio favorécese o coñecemento e a valoración de expresións culturais doutras sociedades e doutros momentos históricos. Ademais contribúese ao desenvolvemento desta competencia, na medida en que a observación sistemática de fotografías e ilustracións forma parte das habilidades propias da educación artística. Na área de Coñecemento do medio tamén se realizan diversas actividades de creación plástica e anímase a desenvolver esta competencia a través dunha coidadosa selección, desde a perspectiva estética, das ilustracións e das fotografías.

Competencia para aprender a aprender

Nesta área trabállanse diferentes técnicas para seleccionar, organizar, interpretar e memorizar información. Ademais, propónse unha secuenciación coidadosa das actividades de aprendizaxe e ofrécense abundantes resumos e distintos tipos de gráficos e de organizadores gráficos. Ao comezo das unidades dáse a oportunidade de lembrar o que xa se sabe sobre o tema en cuestión, para vincular os coñecementos novos cos xa adquiridos.

Autonomía e iniciativa persoal.

En Coñecemento do medio, as múltiples actividades de aplicación de coñecementos e de solución de problemas da vida diaria -en especial o programa Son quen...- promoven o desenvolvemento desta competencia. Igualmente, a forma en como están redactados os textos e as actividades permite que os alumnos/as realicen o seu traballo de forma autónoma.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / COÑECEMENTO DO MEDIO

1. Recoñecer e explicar, recollendo datos e utilizando aparatos de medida, as relacións entre algúns factores do medio físico (relevo, chan, clima, vexetación...) e as formas de vida e as actuacións das persoas, valorando a adopción de actitudes de respecto polo equilibrio ecolóxico.

Con este criterio trátase de coñecer se son capaces de apreciar relacións coma as que se dan entre tipo de vivenda, cultivos, paisaxe, vestimenta etc. co clima, o relevo, a presenza de determinadas especies animais e vexetais etc., como aproximación ao concepto de hábitat. Así mesmo valorarase se recoñecen a importancia da sostibilidade do equilibrio ecolóxico e a necesidade de adoptar actitudes respectuosas co medio, a necesidade de conservar estes recursos, especialmente con respecto ao uso da auga.

2. Identificar e clasificar animais, plantas e rochas, segundo criterios científicos.

Con este criterio de avaliación trátase de saber se coñecen criterios científicos para clasificar seres vivos ou inertes; coma o seu réxime alimentario, a súa forma de reproducirse, ou a súa morfoloxía en seres vivos, ou a súa dureza, exfoliación ou brillo en rochas e minerais. A avaliación supón que poidan activar os coñecementos necesarios para recoñecer a especie da que se trata, aínda coa axuda de claves ou pautas sinxelas.

3. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.

Este criterio pretende avaliar a capacidade para discernir actividades que prexudican e que favorecen a saúde e o desenvolvemento equilibrado da súa personalidade, como a enxesta de lambonadas, o exceso de peso da súa mochila, os desprazamentos a pé, o uso limitado da televisión, as videoconsolas ou os xogos de ordenador etc. Así mesmo valorarase se van definindo un estilo de vida propio adecuado á súa idade e constitución, no que tamén se contemple a súa capacidade para resolver conflitos, a súa autonomía, o coñecemento deles mesmos, ou a súa capacidade de decisión na adopción de condutas saudables no seu tempo libre.

4. Identificar, a partir de exemplos da vida diaria, algúns dos principais usos que as persoas fan dos recursos naturais, sinalando vantaxes e inconvenientes e analizar o proceso seguido por algún ben ou servizo, desde a súa orixe ata o consumidor.

Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento dos elementos fundamentais do medio físico, a súa relación coa vida das persoas, así como o equilibrio existente entre os diferentes elementos do medio físico e as consecuencias derivadas do uso inadecuado do medio e dos recursos. Do mesmo xeito, avaliarase o grao de coñecemento dalgúns procesos de produción de alimentos, das técnicas e procedementos de conservación dos mesmos e da súa comercialización. Así mesmo valorarase se sabe poñer exemplos da relevancia que ten para a economía mundial a introdución das tecnoloxías para o desenvolvemento da sociedade do benestar.

5. Sinalar algunhas funcións das administracións e de organizacións diversas e a súa contribución ao funcionamento da sociedade, valorando a importancia da participación persoal nas responsabilidades colectivas.

Quérese avaliar con este criterio se coñecen o funcionamento xeral dos órganos dalgúns organizacións próximas, o papel das administracións como garantes dos servizos públicos máis importantes para mellorar a vida dos cidadáns. Así mesmo valoraranse os comportamentos de participación e asunción de responsabilidades para favorecer a convivencia na aula e a participación no centro.

6. Utilizar as nocións espaciais e a referencia aos puntos cardinais para situarse no contorno, para localizar e describir a situación dos obxectos en espazos delimitados, e utilizar planos e mapas con escala gráfica para desprazarse.

Con este criterio de avaliación trátase de comprobar se interiorizaron as nocións espaciais, se saben localizar a situación dos puntos cardinais e se poden situarse e desprazarse no espazo facendo referencia a eles e utilizando planos e mapas con escala gráfica.

7. Explicar con exemplos concretos, a evolución dalgún aspecto da vida cotiá relacionado con feitos históricos relevantes, identificando as nocións de duración, sucesión e simultaneidade.

Con este criterio trátase de comprobar o grao de adquisición das nocións básicas de tempo histórico: presente-pasado-futuro, anterior-posterior, duración e simultaneidade (antes de, despois de, ao mesmo tempo que, mentres...) O alumnado deberá situar correctamente, seguindo os referidos criterios de sucesión, duración e simultaneidade de feitos históricos relevantes relacionados coas formas de subsistencia e de organización social e outros relativos á evolución de aspectos da vida cotiá tales coma os diferentes tipos e formas de realizar o traballo, distintos tipos de vivenda, diferentes medios de comunicación e de transporte, así como sociedades do pasado.

8. Identificar fontes de enerxía comúns e procedementos e máquinas para obtela, poñer exemplos de usos prácticos da enerxía e valorar a importancia de facer un uso responsable das fontes de enerxía do planeta.

Con este criterio preténdese avaliar se son capaces de identificar as fontes de enerxía máis comúns (vento, sol, combustibles etc.) e se relacionan a enerxía con usos habituais na súa vida cotiá (o batedor, o secador, a calefacción, o aire acondicionado etc.), se recoñecen a calor como transferencia de enerxía en procesos físicos observables, se describen transformacións simples de enerxía (a combustión nun motor para mover un coche, a enerxía eléctrica para que funcione unha lámpada etc.) Así mesmo deberán poñer exemplos de comportamentos individuais e colectivos para utilizar de forma responsable as fontes de enerxía.

9. Analizar as partes principais de obxectos e máquinas, as funcións de cada unha delas e planificar e realizar un proceso sinxelo de construción dalgún obxecto mostrando actitudes de cooperación no traballo en equipo e o coidado pola seguridade.

Este criterio avalía se coñecen e saben explicar as partes dunha máquina (poleas, pancas, rodas e eixes, engrenaxes...) e cal é a súa función. Así mesmo, valorarase se saben aplicar eses coñecementos na construción dalgún obxecto o aparato, por exemplo un coche que rode, aplicando correctamente as operacións matemáticas básicas no cálculo previo, e as tecnolóxicas: unir, cortar, decorar etc., sabendo relacionar os efectos coas causas. É básico valorar o traballo cooperativo e a súa desenvolvemento manual, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, o coidado das ferramentas e o uso axustado dos materiais.

10. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais e sociais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicar os resultados.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural coma sobre os que ocorren cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia, valorándose máis a coherencia dos razoamentos ca o acerto. Amais diso hai que valorar se son capaces de recoñecer cando unha idea é falsa. Prestarase especial atención á comunicación oral e escrita de resultados que debe acompañarse de imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos etc.

OBXECTIVOS DE ETAPA / EDUCACIÓN ARTÍSTICA

A ensinanza da Educación artística na etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ✓ Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- ✓ Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.
- ✓ Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.
- ✓ Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilízalos con fins expresivos e comunicativos.
- ✓ Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.
- ✓ Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións artísticas.
- ✓ Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.
- ✓ Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.
- ✓ Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
- ✓ Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimulando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

- ✓ Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.
- ✓ Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.
- ✓ Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e gozando como público na observación e recreación das súas propias producións.
- ✓ Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CICLO / EDUCACIÓN ARTÍSTICA

- Comprender mensaxes visuais emitidas a través de carteis, diapositivas, sinais de tráfico, televisión, etc.
- Recoñecer nas imaxes as formas, as cores, as texturas, etc., e clasificar as principais características dos elementos e obxectos do medio coñecido.
- Explorar a través dos sentidos e en contextos lúdicos os elementos da linguaxe plástica e visual (traballos expresivos con liñas, distinción de diferentes tipos de texturas, manipulación de formas, realización de mesturas e combinacións de cores).
- Utilizar as técnicas de pintura, debuxo e modelado para estudar e analizar de forma adecuada elementos do contorno próximo.
- Desenvolver as destrezas necesarias para o adecuado control do xesto gráfico amplo e controlado para expresar con fluidez e precisión os aspectos da realidade ou da imaxinación que se queren comunicar a través das producións artísticas.
- Desenvolver de forma intuitiva o concepto de organización da composición plástica.
- Experimentar técnicas plásticas cada vez máis complexas e desenvolver a seguridade no propio traballo e a curiosidade por coñecer novas formas de expresión.
- Recoñecer e codificar os sons e ritmos e seleccionar en cada caso os sons adecuados para levar a cabo as propias experiencias musicais e representar a través do corpo aspectos musicais como forma, velocidade, ritmo incluíndo ademais a interpretación de formas polifónicas.
- Coñecer notacións musicais convencionais e non convencionais necesarias para comprender e interpretar esquemas rítmicos e melodías sinxelas.

- Mellorar a expresión vocal mediante o traballo con onomatopeas, textos recitados ou cantados, imitacións melódicas...
- Aplicar as técnicas básicas relacionadas coa música e a expresión a través do propio corpo para estudar e representar adecuadamente os elementos do contorno inmediato.
- Iniciarse no uso de técnicas audiovisuais básicas e no manexo dos aparellos relacionados con elas.
- Aprender cancións, xogos infantís e populares e danzas libres da propia comunidade e doutros países.
- Observar elementos dramáticos (xestos, posturas, accións...) no contorno para obter unha comprensión cada vez máis completa das mensaxes que transmiten.
- Analizar os compoñentes das historias para dramatizar diferenciando personaxes principais e secundarios, e secuencia de accións e situacións que se integran nela.
- Observar de forma sistemática as manifestacións artísticas e os seus elementos máis significativos no contorno para conseguir progresivamente unha percepción sensible da realidade.
- Explorar formas cada vez máis complexas para a representación dramática, plástica e musical dunha idea, obxecto ou situación.
- Aceptar e respectar os diferentes puntos de vista dos integrantes do grupo e desenvolver actitudes de non discriminación cara aos demais.
- Desenvolver hábitos adecuados de traballo e de manexo dos instrumentos.
- Realizar producións plásticas, musicais e dramáticas que teñan como base as tradicións populares do contorno próximo.
- Crear progresivamente unha imaxe positiva de si mesmo e aceptar as propias posibilidades e limitacións e desenvolver as actitudes de respecto cara ás producións dos seus compañeiros e cara ao patrimonio cultural do contorno.

CONTIDOS DE SEGUNDO CICLO / EDUCACIÓN ARTÍSTICA

Bloque 1. Observación plástica.

- Clasificación de texturas e tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.
- Establecemento dunha orde ou pauta para seguir o procedemento de observación e a súa comunicación oral ou escrita.
- Observación dos materiais empregados nas obras plásticas.

- Respecto e coidado do contorno, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producións propias e das dos demais.
- Interese por buscar información sobre producións artísticas e por comentalas.
- Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas.
- Observación de elementos do contorno para o estudo das escalas e proporcións entre os obxectos.
- Valoración e identificación dalgúns producións artísticas que forman parte do patrimonio cultural galego (xoguetes, disfraces, olaría, cestaría, encaixes, bordados, petróglifos, xoiaría, alfombras florais, maíos, máscaras de Entroido, edificacións...).
- Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo.

Bloque 2. Expresión e creación plástica.

- Experimentación con liñas diversas e formas en diferentes posicións.
- Busca das posibilidades da cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando os resultados sobre diferentes soportes.
- Indagación sobre as calidades dos materiais, tratamentos non-convencionais dos mesmos e uso que se lles pode facer das texturas na representación.
- Elaboración de imaxes usando utilizando técnicas e recursos diversos.
- Construción de móbiles, de estruturas, de maquetas e de xoguetes populares galegos.
- Construción de estruturas sinxelas ou creacións plásticas para a representación teatral.
- Realización de fotografías: enfoque e planos.
- Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.
- Aplicación, en producións propias, de aspectos observados en obras artísticas galegas e de artistas de renome.
- Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e ideas.
- Recreación de obras de arte significativas da cultura galega e doutras culturas, reflexionando sobre o proceso seguido pola persoa que o realizou.
- Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencións previstas, seleccionando apropiadamente os materiais segundo as súas posibilidades plásticas, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, asumindo as tarefas e respectando as normas que, no seu caso, o grupo estableza.

Bloque 3. Escoita.

- Discriminación auditiva, denominación e representación gráfica das calidades dos sons.
- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas e recoñecemento dalgúns trazos característicos.
- Recoñecemento visual e auditivo e clasificación por familias dalgúns instrumentos da orquestra, da música popular e da doutras culturas, e identificación de distintas agrupacións vocais.
- Identificación de frases musicais e de partes que se repiten, contrastan e retornan.
- Identificación visual
- Comentario e valoración de concertos e representacións musicais.
- Interese polo descubrimento de obras musicais de distintas características.
- Interese por coñecer o traballo de artistas e de persoas que traballan na composición e na interpretación de música e de danza tradicional galega.
- Actitude atenta e silenciosa e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música.

Bloque 4. Interpretación e creación musical.

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos e dos instrumentos.
- Hábitos de coidado da voz, do corpo e dos instrumentos.
- Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación vocal ou instrumental.
- Memorización e interpretación de danzas e secuencias de movementos fixados e inventados.
- Lectura e interpretación de cancións e pezas instrumentais sinxelas con distintos tipos de grafías.
- Interese e responsabilidade nas actividades de interpretación e creación.
- Iniciación á interpretación de danzas e de cancións tradicionais galegas e das zonas de orixe de compañeiras e compañeiros.
- Identificación dalgunhas cantigas galegas que acompañaban os momentos de traballo e celebracións (cantigas de arada, de seitura, de esfolia, cantos de reis...) e relación destas coa finalidade para a cal foron concibidas
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.
- Creación de acompañamentos para cancións e pezas instrumentais.
- Creación de pezas musicais a partir da combinación de elementos dados.
- Invención de coreografías para cancións e pezas musicais breves.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA**DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

A área de Educación artística contribúe á adquisición da *competencia cultural e artística* directamente en todos os aspectos que a configuran. Ponse a énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios, axudándolle ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, favorece a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, ao mesmo tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e expresión.

A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do contorno máis próximo coma doutros pobos, dota os alumnos e as alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentadas no coñecemento. Deste xeito, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de lecer.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS**Autonomía e iniciativa persoal.**

Ao facer da exploración e da indagación os mecanismos apropiados para definir posibilidades, para buscar solucións e adquirir coñecementos, favorécese de forma relevante a autonomía e a iniciativa persoal. O proceso que leva o neno/a desde a exploración inicial ata o produto final require dunha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non-estereotipados. Por outra parte, esixe a elección de recursos tendo presente a intencionalidade expresiva do produto que se desexa lograr e a revisión constante do que se fixo en cada fase do proceso coa idea de melloralo se fose preciso.

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade, á busca de formas innovadoras, senón que tamén xera flexibilidade pois ante un mesmo suposto poden darse diferentes respostas.

Competencia social e cidadá.

No ámbito da Educación artística, a interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. Esta circunstancia esixe cooperación, asunción de responsabilidades, seguimento de normas e instrucións, coidado e conservación de materiais e instrumentos, aplicación de técnicas concretas e utilización de espazos de maneira apropiada. O seguimento destes requisitos forma no compromiso cos demais, na esixencia que ten a realización en grupo e na satisfacción que proporciona un produto que é froito do esforzo común. En definitiva, expresarse buscando o acordo, pon en marcha actitudes de respecto, aceptación e entendemento, o que sitúa a área como un bo vehículo para o desenvolvemento desta competencia.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

Contribúese á apreciación do contorno a través do traballo perceptivo con sons, formas, cores, liñas, texturas, luz ou movemento presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas. A área sérvese do medio como pretexto para a creación artística, explóralo, manipúlao e incorpóralo recreándoo para darlle unha dimensión que proporcione goce e contribúa ao enriquecemento da vida das persoas. Así mesmo, ten en conta outra dimensión igualmente importante, a que compete ás agresións que deterioran a calidade de vida, como a contaminación sonora ou as solucións estéticas pouco afortunadas de espazos, obxectos ou edificios, axudándolles aos nenos e ás nenas a tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.

Competencia para aprender a aprender.

Favorécese a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, coa fin de que os coñecementos adquiridos doten os nenos e as nenas dunha bagaxe suficiente para utilizalos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación presenta a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área axuda a adquirir competencia en aprender ao proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos susceptibles de seren utilizados noutras aprendizaxes.

Competencia en comunicación lingüística.

Pódese contribuír, como desde todas as áreas, a través da riqueza dos intercambios comunicativos que se xeran, do uso das normas que os rexen, da explicación dos procesos que se desenvolven e do vocabulario específico que a área achega. De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenvólvese, así mesmo, esta competencia na descrición de procesos de traballo, na argumentación sobre as solucións dadas ou na valoración da obra artística.

Tratamento da información e competencia dixital.

Contribúese a través do uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para achegar ao alumnado á creación de producións artísticas e á análise da imaxe e o son e das mensaxes que estas transmiten. Tamén se desenvolve a competencia na busca de información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce, para seleccionar e intercambiar informacións referidas a ámbitos culturais do pasado e do presente, próximos ou doutros pobos.

Competencia matemática.

Aínda que en menor medida, a área contribúe ao desenvolvemento da *competencia matemática* ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e naquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo. Así mesmo, cando en música se traballan o ritmo ou as escalas, estase facendo unha achega ao desenvolvemento da competencia matemática.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / EDUCACIÓN ARTÍSTICA

1. Describir as características de elementos presentes no contorno e as sensacións que as obras artísticas provocan.

Quérese comprobar con este criterio se son capaces de mostrar os coñecementos adquiridos na observación por medio de descrições e informacións relevantes sobre elementos da linguaxe visual e musical presentes nas manifestacións artísticas e no contorno e de expresar oralmente as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico.

2. Usar adecuadamente algúns dos termos propios da linguaxe plástica e musical en contextos precisos, intercambios comunicativos, descrición de procesos e argumentacións.

Trátase de comprobar se o alumnado incorporou algúns dos termos técnicos propios das linguaxes artísticas nas súas explicacións e descrições, se os emprega nas situacións apropiadas e si pode trasladar eses coñecementos a outros contextos nos que lle poden ser útiles.

3. Utilizar distintos recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

Este criterio permite avaliar se son capaces de establecer unha relación entre o que escoitan e o representado en musicogramas ou partituras sinxelas con distintos tipos de grafías, así como de representar graficamente (mediante debuxos ou utilizando signos gráficos que coñecen ou inventan) os trazos característicos da música escoitada.

4. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións, pezas instrumentais e danzas.

A través deste criterio preténdese valorar en que medida o alumnado memorizou e é capaz de recordar algunhas das cancións, pezas instrumentais e danzas aprendidas por imitación no contexto da aula.

5. Explorar, seleccionar, combinar e organizar ideas musicais dentro de estruturas musicais sinxelas.

Con este criterio inténtase valorar se son capaces de seguir un proceso ordenado e de utilizar criterios adecuados para crear unha peza musical a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados.

6. Interpretar o contido de imaxes e representacións do espazo presentes no contorno.

Trátase de comprobar se o alumnado pode explicar a información que conteñen os sinais, os signos, os símbolos e os tipos de planos que se utilizan máis habitualmente no seu medio, a relación que existe entre estas representacións e a función expresiva, comunicativa ou informativa que as caracteriza, coa finalidade de elaborar mensaxes propias que transmitan unha información básica.

7. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.

Trátase de comprobar se na observación e na manipulación de materiais obtiveron datos suficientes para establecer algunha pauta sobre as súas características, se poden especificalas e organizar clasificacións elementais ben sexa por semellanza, ben por oposición.

8. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados ao produto artístico que se pretende.

Con este criterio quérese comprobar se son capaces de servirse dos datos obtidos na exploración de instrumentos, técnicas e materiais para realizar unha obra persoal, non estereotipada. Valorarase a diversidade de solucións dadas en diferentes contextos, a variedade de soportes utilizados e a orixinalidade no uso dos materiais, así como a intencionalidade en función do destinatario ao que se dirixa.

OBXECTIVOS DE ETAPA / EDUCACIÓN FÍSICA

A ensinanza da Educación Física na etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ✓ Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.
- ✓ Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
- ✓ Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.
- ✓ Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de autoexixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.
- ✓ Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.
- ✓ Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
- ✓ Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.

- ✓ Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.
- ✓ Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CICLO / EDUCACIÓN FÍSICA

- Aceptar as diferenzas do propio corpo en relación co dos demais.
- Desenvolver a autoestima.
- Interiorización da lateralidade.
- Desenvolver o sentido do equilibrio.
- Progresar na adaptación, control e adecuación do movemento ás circunstancias e condicións da actividade.
- Recoñecer a cantidade de recursos expresivos que posúe o corpo.
- Recoñecer o xogo como medio de goce e emprego do tempo libre.
- Tomar conciencia da mobilidade da columna e da independencia dos segmentos corporais.
- Recoñecer a esquerda e a dereita dos demais.
- Diferenciar os estados de contracción-descontracción para lograr unha maior relaxación.
- Experimentar situacións de equilibrio e desequilibrio diminuíndo a base de sustentación e a súa estabilidade e elevando o centro de gravidade.
- Reproducir estruturas rítmicas coñecidas, corporalmente ou con instrumentos.
- Utilizar formas de desprazamento non habituais.
- Adecuar os movementos á distancia, sentido e velocidade dos desprazamentos dos demais.
- Elaborar novos esquemas motores (rodar, agatuñar, transportar).
- Explorar e experimentar os recursos expresivos do corpo.
- Coordinar o movemento propio co dos demais, en danzas e bailes sinxelos por parellas.
- Valorar e aceptar o propio corpo.

- Preocuparse por que as manifestacións corporais non resulten discriminativas ou estereotipadas.
- Respetar as regras dos xogos.
- Aceptar os outros, con independencia das súas características persoais ou sociais.

CONTIDOS DE SEGUNDO CICLO / EDUCACIÓN FÍSICA

Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción.

- Posibilidades perceptivas. Exploración das capacidades perceptivas e da súa relación co movemento.
- Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Conciencia e control do corpo en relación coa tensión, a relaxación e a respiración.
- Representación do propio corpo e do dos demais.
- Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices.
- Consolidación da lateralidade e da súa proxección no espazo.
- Equilibrio estático e dinámico
- Organización espazo-temporal.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da das demais persoas.

Bloque 2. Habilidades motrices.

- Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.
- Utilización eficaz das habilidades básicas en medios e situacións estables e coñecidas.
- Control motor e dominio corporal.
- Mellora das calidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución motriz.
- Interese por mellorar a competencia motriz.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas, aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas.

- O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.
- Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples.

- Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
- Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos.
- Utilización dos obxectos e materiais e as súas posibilidades na expresión.
- Goce mediante a expresión e a comunicación a través do propio corpo.
- Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Valoración das diferenzas no modo de expresarse.

Bloque 4. Actividade física e saúde.

- Adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física e consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- Relación da actividade física coa saúde e o benestar. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde. Mellora de forma xenérica da condición física orientada á saúde.
- Actitude favorable de cara á actividade física con relación á saúde.
- Seguridade na propia práctica da actividade física. Quentamento, dosificación do esforzo e relaxación.
- Medidas básicas de seguridade na práctica da actividade física, con relación ao contorno. Uso correcto e respectuoso de materiais e espazos.

Bloque 5. Xogos e actividades deportivas.

- O xogo e o deporte como elementos da realidade social.
- Participación en xogos e iniciación na práctica de actividades deportivas.
- Descubrimento das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición.
- Respecto polas persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.
- Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo e actitude responsable con relación ás estratexias establecidas.
- Valoración do xogo como medio de goce, de relación e de emprego do tempo de lecer e do esforzo nos xogos e nas actividades deportivas.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

A área de Educación física contribúe esencialmente ao desenvolvemento desta competencia, mediante a percepción e a interacción apropiada do propio corpo, en

movemento ou en repouso, nun espazo determinado mellorando as súas posibilidades motrices. Contribúese tamén mediante o coñecemento, a práctica e a valoración da actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde. Esta área é clave para que os nenos e as nenas adquiran hábitos saudables e de mellora e mantemento da condición física que os acompañen durante a escolaridade e o que é máis importante, ao longo da vida.

Na sociedade actual que progresa cara á optimización do esforzo intelectual e físico, faise imprescindible a práctica da actividade física, pero sobre todo a súa aprendizaxe e valoración como medio de equilibrio psicofísico, como factor de prevención de riscos derivados do sedentarismo e, tamén, como alternativa de ocupación do tempo de lecer.

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

As características da Educación Física, sobre todo as relativas ao contorno no que se desenvolve a dinámica das clases, fan que sexa propicia para a educación de habilidades sociais, cando a intervención educativa incide neste aspecto. As actividades físicas e en especial as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, ademais de contribuír ao desenvolvemento da cooperación e da solidariedade.

A Educación Física axuda a aprender a convivir, fundamentalmente no que se refire á elaboración e aceptación de regras para o funcionamento colectivo, desde o respecto pola autonomía persoal, a participación e a valoración da diversidade. As actividades dirixidas á adquisición das habilidades motrices requiren a capacidade de asumir as diferenzas así como as posibilidades e limitacións propias e alleas. O cumprimento das normas que rexen os xogos colabora na aceptación de códigos de conduta para a convivencia. As actividades físicas competitivas poden xerar conflitos nos que é necesaria a negociación, baseada no diálogo, como medio para a súa resolución. Finalmente, cabe destacar que se contribúe a coñecer a riqueza cultural, mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia cultural e artística.

Á expresión de ideas, ou sentimentos, de forma creativa contribúe mediante a exploración e a utilización das posibilidades e de recursos do corpo e do movemento. Á apreciación e á comprensión do feito cultural, e á valoración da súa diversidade, a través do recoñecemento e a apreciación das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, tales coma os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos.

Noutro sentido, a área favorece un achegamento ao fenómeno deportivo como espectáculo mediante a análise e a reflexión crítica ante a violencia no deporte ou noutras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

Autonomía e iniciativa persoal.

A Educación Física axuda á consecución desta competencia na medida en que axuda a que os alumnos/as deban tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas que debe

manifestar autosuperación, perseveranza e actitude positiva, Tamén o fai, se se lle dá protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual e colectiva das actividades físicas, deportivas e expresivas.

Competencia de aprender a aprender.

Contribúese mediante o coñecemento dun mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida da aprendizaxe motora, mediante o desenvolvemento dun repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motrices máis complexas. Isto permite o establecemento de metas alcanzables e a súa consecución provoca autoconfianza. Ao mesmo tempo, os proxectos comúns en actividades físicas colectivas facilitan a adquisición de recursos de cooperación.

Tratamento da información e competencia dixital.

Por outro lado, esta área colabora, desde idades temperás, á valoración crítica das mensaxes e estereotipos referidos ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. Desde esta perspectiva contribúese en certa medida á competencia sobre o tratamento da información.

Competencia en comunicación lingüística.

A área tamén contribúe, como o resto das aprendizaxes, á adquisición desta competencia, ofrecendo gran variedade de intercambios comunicativos, do uso das normas que os rexen e do vocabulario específico que a área achega.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / EDUCACIÓN FÍSICA

1. Desprazarse e saltar, combinado ambas as habilidades de forma coordinada e equilibrada, axustando os movementos corporais a diferentes cambios das condicións da actividade.

Avalíase con este criterio a mellora cualitativa da capacidade de desprazarse e saltar de distintas maneiras e con velocidades variables, con cambios de dirección e sentido e franqueando pequenos obstáculos. Observarase a capacidade de reequilibrarse ao combinar diferentes tipos de desprazamentos ou saltos. Prestarase especial atención á capacidade para resolver problemas motores e para orientarse no espazo co fin de adaptar os desprazamentos e saltos a novas condicións.

2. Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles, sen perder o control dos mesmos, adecuando os movementos ás traxectorias.

Con este criterio preténdese comprobar a coordinación nas habilidades que impliquen manexo de obxectos e a utilización que se fai nas situacións de xogo. Terase en conta a adecuación das traxectorias nos pases, lanzamentos, conducións e impactos. Observarase a orientación do corpo nas recepcións e paradas. Non se inclúen aspectos relativos á forza.

3. Xirar sobre o eixe lonxitudinal e transversal, diversificando as posicións segmentarias e mellorando as respostas motrices nas prácticas corporais que o requiran.

Con relación aos xiros corporais, tratarase de comprobar a capacidade que teñen de utilzalos nas actividades cotiás. Os xiros sobre o eixe lonxitudinal poderán estar asociados con desprazamentos e saltos, cambios de dirección e sentido. Na avaliación non debe buscarse a imitación de modelos predeterminados, senón o uso que se fai dos xiros para lograr mellores respostas motrices, evitando en todo momento o risco.

4. Actuar de forma coordinada e cooperativa para resolver retos ou para se opoñer a un ou varios adversarios nun xogo colectivo.

Este criterio pretende avaliar se son capaces de interaccionar adecuadamente en situacións de xogo, realizando accións de axuda entre os membros dun mesmo equipo. Tamén se debe observar se, en situacións de oposición, os xogadores e xogadoras ocupan posicións no terreo que faciliten o xogo, como por exemplo ocupar espazos libres ou orientarse na dirección do xogo.

5. Participar do xogo e as actividades deportivas con coñecemento das normas e cunha actitude de aceptación cara ás demais persoas.

A plena participación no xogo virá condicionada por un conxunto de habilidades motrices e sociais. Por un lado, observarase o grao de eficacia motriz e a capacidade de esforzarse e aproveitar a condición física para implicarse plenamente no xogo. Por outro, atenderase ás habilidades sociais (respectar as normas, ter en conta as demais persoas, evitar discriminacións e actitudes de rivalidade fundamentadas en estereotipos e prexuízos etc.) que favorecen as boas relacións entre os participantes.

6. Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos.

Con este criterio quérese avaliar se os nenos e nenas son capaces de inventar e reproducir unha estrutura rítmica sinxela, ben pola combinación de elementos de estruturas que xa coñece, ben pola achega de elementos novos. A reprodución pódese facer mediante o movemento corporal (desprazamentos, saltos, palmas, golpes, balanceos, xiros) ou con instrumentos de percusión.

7. Utilizar os recursos expresivos do corpo e implicarse no grupo para a comunicación de ideas, sentimentos e representación de personaxes e historias, reais ou imaxinarias.

A implicación do alumnado no seu grupo é importante na produción de pequenas secuencias expresivas. Con este criterio valorarase a predisposición ao diálogo e a responsabilidade na organización e na preparación da proposta creativa. Na posta en escena, observarase a produción de xestos significativos e tamén a capacidade para prestar atención na expresión dos demais, recibir a mensaxe e seguir a acción respectando o fío argumental.

8. Manter condutas activas acordes co valor do exercicio físico para a saúde, mostrando interese polo coidado do corpo.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado vai tomando conciencia dos efectos saudables da actividade física, o coidado do corpo e as actitudes que permiten evitar os riscos innecesarios na práctica de xogos e actividades. Ademais, pretende valorar se se van desenvolvendo as capacidades físicas, a partir de sucesivas observacións que

permitan comparar os resultados e observar os progresos, sen perder de vista que a intención vai encamiñada a manter unha boa condición física con relación á saúde

OBXECTIVOS DE ETAPA / LINGUA GALEGA

A ensinanza da Lingua galega e Literatura na etapa de Educación Primaria terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ✓ Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- ✓ Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- ✓ Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- ✓ Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.
- ✓ Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- ✓ Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o goce e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
- ✓ Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
- ✓ Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.
- ✓ Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
- ✓ Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
- ✓ Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CICLO / LINGUA GALEGA
--

Reflexión sobre a lingua

- Coñecer e utilizar produtivamente o vocabulario básico.
- Recoñecer as unidades básicas da lingua e as principais clases de palabras.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas básicas.
- Respetar a diversidade lingüística e cultural de Galicia.

Falar

- Expresar de forma organizada feitos, sentimentos, experiencias e coñecementos persoais tendo en conta a situación comunicativa.
- Aceptar as normas básicas da comunicación oral e respectar as opinións alleas.
- Evitar os usos lingüísticos que supón calquera tipo de discriminación.

Escoitar

- Comprender textos orais e identificar os seus elementos principais.
- Identificar os elementos rítmicos dun poema.

Ler

- Afondar na habilidade lectora, atendendo especialmente á entoación, a pronuncia e o ritmo dos textos.
- Realizar conxecturas sobre o desenvolvemento dos textos.
- Opinar acerca do comportamento dos personaxes dos textos narrativos.
- Localizar información en diferentes fontes: dicionarios, libros e bibliotecas.
- Identificar os elementos estruturais propios dos textos narrativos e informativos.
- Interpretar mensaxes con elementos non verbais.
- Valorar a lectura como fonte de goce e de diversión.

Escribir

- Producir textos sinxelos de carácter narrativo e informativo atendendo á súa estrutura.
- Organizar graficamente a información contida en textos de carácter informativo.
- Mostrar interese por encontrar unha forma persoal e creativa de expresión.
- Preocuparse pola correcta presentación das producións escritas.
- Crear mensaxes con elementos non verbais.

CONTIDOS DE SEGUNDO CICLO / LINGUA GALEGA
--

Bloque 1. Escoitar e falar.

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a

interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).
- Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.
- Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.
- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).
- Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).
- Valoración e aprecio do texto literario oral galego como fonte de coñecemento da propia cultura e como recurso de gozo persoal.
- Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral galega.
- Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.
- Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e comparando.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. Ler e escribir.

- Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos.
- Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.

- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando.
- Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.
- Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)
- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.
- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil galega, adaptacións de obras literarias clásicas e de literatura actual en diversos soportes.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, pronuncia e a entoación adecuados.
- Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de desfrute persoal.
- Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, cómics, poesías) e non literarios.

- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.
- Utilización de estratexias de resolución de dificultades lóxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).
- Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.
- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
- Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.
- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.

Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.

- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas de intercambio comunicativo.
- Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.
- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.
- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
- Coñecemento da diversidade lingüística e valoración positiva desta riqueza.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e de interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).
- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en relación coa comprensión e coa produción de textos.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.

- Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación intuitiva de suxeito e de predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE LINGUA GALEGA

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno/a debe...

- **Ser capaz de comprender e producir mensaxes orais que teñen unha finalidade didáctica ou son de uso cotián.**
- **Ser capaz de participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas que os rexen.**
- **Ser capaz de comprender diferentes clases de textos escritos, incluíndo textos con finalidade didáctica, textos propios de situacións cotiás de relación social ou textos procedentes de medios de comunicación.**
- **Ser capaz de poñer en práctica os coñecementos e as estratexias necesarias para escribir correctamente.**
- **Ser capaz de escribir textos relacionados co ámbito escolar ou con situacións cotiás de relación social, así como textos de información e de opinión.**
- **Ser capaz de ler e comprender de forma autónoma textos literarios adecuados á súa idade e aos seus intereses.**
- **Ser capaz de comprender e utilizar a terminoloxía lingüística propia do ciclo.**
- **Ser capaz de manifestar interese pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionármonos cos demais e para aprender.**

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA GALEGA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia matemática.

Nocións como a secuencia temporal dunha historia ou a numeración e a ordenación de viñetas relacionadas cos textos contribúen ao desenvolvemento de habilidades características desta competencia. Por outro lado, o coñecemento de determinadas clases de palabras, como son os cuantificadores (numerais e indefinidos), contribúe ao desenvolvemento desta competencia desde a área de Lingua.

Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.

Na área de Lingua ofrécense unha serie de textos informativos relacionados co mundo físico que permiten coñecer mellor os elementos da natureza e a influencia e as relacións

que manteñen os seres humanos co espazo no que viven.

Así mesmo, a través do traballo con mensaxes informativas e publicitarias, contribúese á creación de hábitos de consumo responsable.

Tratamento da información e competencia dixital.

A área proporciona destrezas para a selección, comprensión e transmisión da información. As actividades de comprensión dos diferentes tipos de textos, as relacionadas coas imaxes ou a análise de cuestións tipográficas sinxelas contribúen favorablemente ao desenvolvemento desta competencia.

Por outro lado, en moitas das actividades que se lles presentan aos alumnos/as propónse a posibilidade de realizar tarefas con ferramentas informáticas adecuadas á idade.

Competencia social e cidadá.

A lingua é a base da comunicación entre os seres humanos, de aí que desde a área de Lingua se poida contribuír facilmente ao desenvolvemento desta competencia básica, entendida como conxunto de habilidades necesarias para a convivencia. Neste sentido, que os nenos/as aprendan a comunicarse cos demais e a comprender o que os demais lles transmiten é fundamental para a súa formación como seres sociais. Ademais, a lingua tamén lles permite aos nenos/as tomar contacto con outras realidades diferentes da súa e facilita a erradicación de prexuízos e imaxes estereotipadas.

Competencia cultural e artística.

Desde a área de Lingua contribúese ao desenvolvemento desta competencia mediante a lectura e a valoración de obras literarias infantís de diferentes épocas e culturas. Ademais, o traballo a partir dos debuxos e as fotografías que acompañan os textos permite desenvolver habilidades propias da educación artística. Ademais, inclúense propostas para realizar, a partir dos contidos lingüísticos, actividades de creación plástica.

Competencia para aprender a aprender.

O uso correcto da lingua é unha das ferramentas básicas da aprendizaxe. A lectura posibilita o acceso ao coñecemento, e a escritura permite a súa reelaboración e a súa asimilación persoal. Cuestións como mellorar a velocidade lectora ou a comprensión, así como a correcta expresión dos coñecementos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia. Por outra parte, a presenza de actividades que permiten traballar a atención, a memoria ou a construción do sentido serven tamén para contribuír ao desenvolvemento da aprendizaxe.

Autonomía e iniciativa persoal.

O traballo na área de Lingua preséntase para que poida ser realizado de forma autónoma, pedíndolles aos nenos/as que demostren o que son capaces de realizar cos coñecementos lingüísticos que posúen ata ese momento.

Por outra parte, a proposta de actividades que obrigan aos nenos/as a poñerse no lugar doutros ou a decidir entre varias cuestións favorece o desenvolvemento desta competencia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / LINGUA GALEGA
--

1. Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.

Avaliarase a capacidade e a actitude de intervención en situacións variadas da aula en que se produce comunicación oral, así como a adaptación á diversa tipoloxía e a diversos obxectivos comunicativos. Observarase especialmente o respecto das normas existentes.

2. Comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos, e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión.

Preténdese avaliar o desenvolvemento da capacidade de comprensión de producións orais cotiás.

Avalíase especialmente o recoñecemento de ideas principais, a habilidade de seleccionar a información necesaria segundo o obxectivo e a capacidade para facer algunhas deducións a partir do escoitado.

3. Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.

Téntase constatar a capacidade para expresarse en diferentes contextos comunicativos usando o léxico, as formas lingüísticas, o ton, a entoación e a pronuncia axeitados, e a de iniciar e soste unha interacción comunicativa.

Atenderase á coherencia e á potenciación da mensaxe con aspectos non verbais como xestos, posturas ou movementos.

Observarase a habilidade para narrar situacións reais ou imaxinadas con certa desinhibición.

4. Memorizar e reproducir textos orais propios da literatura popular galega empregando a pronuncia e entoación adecuadas.

Quérese observar o coñecemento dalgúns textos da literatura oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos...) adecuados ao seu interese, nivel e contorno.

5. Detectar e comprender a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido.

Este criterio pretende avaliar a capacidade de localizar e extraer a información relevante de textos escritos variados, así como de elaborar inferencias directas a partir de datos presentes neles.

6. Interpretar as ideas contidas nos textos escritos habituais (expositivos, informativos, instrutivos e literarios), tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.

Comprobarase se o alumnado establece relacións entre os seus coñecementos previos e as súas experiencias e a información contida no texto.

Verificarase o uso de estratexias de comprensión baseadas na anticipación de hipóteses, na explicitación dos obxectivos ou propósitos lectores, na interpretación de indicadores textuais, paratextuais e contextuais e de estratexias de resolución de dificultades léxicas (uso de dicionarios, dedución polo contexto) e de integración (reler, retroceder).

Así mesmo, observarase se a nena ou o neno é quen de formular xuízos persoais sobre os textos lidos, de contrastar a información procedente de textos de contido similar e de esquematizar, con axuda de modelos, a información.

7. Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impreso e/ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) e literarias (contos, poesías, cómics) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.

Trátase de avaliar a capacidade de producir textos escritos instrutivos, expositivos, informativos ou literarios, relativos a situacións cotiás, escolares e sociais, en que se valorará o plan establecido, a textualización que recolla a corrección ortográfica e a revisión do escrito.

Tamén se valorará o uso dos medios informáticos para a presentación.

8. Ler expresivamente textos de tipoloxía variada (entre os traballados e/ou elaborados na aula) con fluidez e entoación adecuadas vinculadas á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector (ler para deleitar outras persoas, ler para dar a coñecer un texto propio, ler para compartir información dun texto único na aula).

Preténdese constatar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos variados, facendo fincapé fundamentalmente na entoación, na fluidez e na expresividade que poida axudar á interpretación do texto.

9. Coñecer textos de literatura infantil galega (poesía, cómics, contos...) adecuados ao ciclo, coa finalidade de desfrutar coa lectura e de uso como modelo para as propias reescrituras, reelaboracións e producións escritas.

Trátase de avaliar o uso da literatura infantil adecuada como fonte de pracer e como fonte de modelos pertinentes para a expresión escrita literaria.

Comprobarase a presenza dunha actitude positiva cara á lectura e dunha progresiva autonomía lectora.

10. Empregar as bibliotecas de aula e de centro con certa autonomía, como fonte de información e como lugar que proporciona recursos relacionados coa lectura por pracer.

Trátase de avaliar a participación do alumnado en actividades de biblioteca e o uso desta.

Valorarase que sexa quen de localizar aquilo que precisa de acordo con necesidades concretas, así como o respecto polas normas de uso e a colaboración no bo funcionamento dese espazo.

11. Identificar en textos orais e escritos de uso cotián termos e usos que poidan supoñer discriminación.

Préstase atención á capacidade de detectar algunhas manifestacións discriminatorias (sexuais, étnicas, sociais...) na linguaxe e a busca de alternativas para corrixilas.

12. Comparar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.

Avaliase a capacidade do alumnado de identificar e de respectar variedades da lingua galega partindo da súa realidade máis inmediata e recoñecendo a diversidade lingüística como riqueza cultural.

13. Reflexionar sobre como algúns cambios nas palabras, enunciados e textos producen modificacións comprensivas e expresivas.

Procúrase avaliar a capacidade do alumnado para xogar coa linguaxe observando os cambios semánticos e expresivos que se producen en textos, enunciados e palabras cando se practican omisións, insercións, cambios de orde, segmentacións. Avaliase, así mesmo, a habilidade para usar estes recursos nas propias producións escritas e orais.

14. Utilizar, de xeito intuitivo, terminoloxía relacionada coa tipoloxía textual, os tempos verbais (presente, futuro e pasado), os adxectivos cualificativos, os determinantes e algúns aspectos relativos á semántica, como antónimos e sinónimos, cando se realicen actividades de comprensión e de expresión orais e escritas.

Téntase avaliar se, en actividades de produción e de comprensión de textos, o alumnado identifica algún elemento lingüístico e gramatical que o poida axudar a facer melloras na comprensión e na expresión escrita. Non se trata de avaliar illadamente o coñecemento dos conceptos gramaticais, senón a súa funcionalidade, para mellorar o uso da linguaxe.

15. Usar as experiencias coas diversas linguas que o alumnado coñece ou está a aprender para realizar análises e comparacións que lle permitan establecer melloras na súa expresión e comprensión en lingua galega.

Preténdese avaliar a capacidade de identificar similitudes e diferenzas entre as linguas da comunidade como fórmula de análise, de reforzo de aspectos de lingua (gráficos, sintácticos, léxicos e semánticos) e, polo tanto, de mellora na súa expresión e comprensión.

OBXECTIVOS DE ETAPA / LINGUA CASTELÁ

A ensinanza da Lingua castelá e Literatura na etapa de Educación Primaria terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ✓ Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.

- ✓ Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- ✓ Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- ✓ Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos que se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.
- ✓ Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- ✓ Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o goce e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
- ✓ Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria para desenvolver hábitos lectores.
- ✓ Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil adecuados en canto á temática e a complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.
- ✓ Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e das normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
- ✓ Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CICLO / LINGUA CASTELÁ

Reflexión sobre a lingua

- Coñecer e utilizar productivamente o vocabulario básico.
- Recoñecer as unidades básicas da lingua e as principais clases de palabras.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas básicas.
- Respectar a diversidade lingüística e cultural de España.

Falar

- Expresar de forma organizada feitos, sentimentos, experiencias e coñecementos persoais tendo en conta a situación comunicativa.

- Aceptar as normas básicas da comunicación oral e respectar as opinións alleas.
- Evitar os usos lingüísticos que supón calquera tipo de discriminación.

Escoitar

- Comprender textos orais e identificar os seus elementos principais.
- Identificar os elementos rítmicos dun poema.

Ler

- Profundar na habilidade lectora, atendendo especialmente á entonación, a pronuncia e o ritmo dos textos.
- Realizar conxecturas sobre o desenvolvemento dos textos.
- Opinar achega do comportamento dos personaxes dos textos narrativos.
- Localizar información en diferentes fontes: dicionarios, libros, bibliotecas.
- Identificar os elementos estruturais propios dos textos narrativos e informativos.
- Interpretar mensaxes con elementos non verbais.
- Valorar a lectura como fonte de pracer e de diversión.

Escribir

- Producir textos sinxelos de carácter narrativo e informativo atendendo á súa estrutura.
- Organizar gráficamente a información contida en textos de carácter informativo.
- Mostrar interese por atopar unha forma persoal e creativa de expresión.
- Preocuparse pola correcta presentación das producións escritas.
- Crear mensaxes con elementos non verbais.

CONTIDOS DE SEGUNDO CICLO / LINGUA CASTELÁ

Bloque 1. Escoitar, falar e conversar.

- Participación e cooperación en situacións comunicativas habituais (informacións, conversacións reguladoras da convivencia, discusións ou instrucións) con valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, papeis diversos no intercambio, ton de voz, posturas e xestos adecuados).
- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou de Internet con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián, de carácter informal

(conversacións entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (as exposicións de clase).

- Uso de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes (identificación, clasificación, comparación).
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartido.
- Interese por expresarse oralmente con pronunciación e entoación adecuadas.
- Utilización da lingua para tomar conciencia das ideas e dos sentimentos propios e dos demais e para regular a propia conduta, mediante unha linguaxe non-discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. Ler e escribir.

Comprensión de textos escritos.

- Comprensión da información relevante en textos propios de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas de clase ou regras de xogos.
- Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas as web infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas ao director, localizando informacións destacadas en titulares, entradiñas, portadas...
- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
- Integración de coñecementos e informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información (identificación, clasificación, comparación, interpretación).
- Utilización dirixida das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

Composición de textos escritos.

- Composición, de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes...) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e opinión propios dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas ao director, en situacións simuladas ou reais.
- Composición de textos propios do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)

- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos e tipografía).
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e reelaboración da información e dos coñecementos.
- Utilización guiada de programas informáticos de procesamento de texto.
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

Bloque 3. Educación literaria.

- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e aos intereses.
- Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual en diferentes soportes.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de goce persoal.
- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
- Comprensión, memorización e recitación de poemas, co ritmo, a pronunciación e a entoación adecuados.
- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo ou recordos, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Dramatización de situacións e textos literarios.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas do intercambio comunicativo.
- Identificación de estruturas narrativas, instrutivas, descritivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición.
- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre a lingua oral e a escrita.
- Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
- Coñecemento da diversidade lingüística de España e valoración positiva desta riqueza.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos

resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.

- Reflexión, uso e definición intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba; xénero e número; determinantes; tempo verbal (presente, futuro, pasado).
- Recoñecemento das relacións entre as palabras pola forma (flexión, composición e derivación) e polo significado (sinónimos e antónimos), en relación coa comprensión e a composición de textos.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración e reflexión sobre as posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.
- Recoñecemento das modalidades oracionies declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación dos constituíntes fundamentais da oración, suxeito e predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente etc.)

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno/a debe...

- **Ser capaz de comprender e producir mensaxes orais que teñen unha finalidade didáctica ou son de uso cotián.**
- **Ser capaz de participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas que os rexen.**
- **Ser capaz de comprender diferentes clases de textos escritos, incluíndo textos con finalidade didáctica, textos propios de situacións cotiás de relación social ou textos procedentes de medios de comunicación.**
- **Ser capaz de poñer en práctica os coñecementos e as estratexias necesarias para escribir correctamente.**
- **Ser capaz de escribir textos relacionados co ámbito escolar ou con situacións cotiás de relación social, así como textos de información e de opinión.**
- **Ser capaz de ler e comprender de forma autónoma textos literarios adecuados**

á súa idade e aos seus intereses.

- Ser capaz de comprender e utilizar a terminoloxía lingüística propia do ciclo.
- Ser capaz de manifestar interese pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionármonos cos demais e para aprender.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia matemática.

Nocións como a secuencia temporal dunha historia ou a numeración e a ordenación de viñetas relacionadas cos textos contribúen ao desenvolvemento de habilidades características desta competencia. Por outro lado, o coñecemento de determinadas clases de palabras, como son os cuantificadores (numerais e indefinidos), contribúe ao desenvolvemento desta competencia desde a área de Lingua castelá.

Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.

Na área de Lingua castelá ofrécense unha serie de textos informativos relacionados co mundo físico que permiten coñecer mellor os elementos da natureza e a influencia e as relacións que manteñen os seres humanos co espazo no que viven.

Así mesmo, a través do traballo con mensaxes informativas e publicitarias, contribúese á creación de hábitos de consumo responsable.

Tratamento da información e competencia dixital.

A área proporciona destrezas para a selección, comprensión e transmisión da información. As actividades de comprensión dos diferentes tipos de textos, as relacionadas coas imaxes ou a análise de cuestións tipográficas sinxelas contribúen favorablemente ao desenvolvemento desta competencia.

Por outro lado, en moitas das actividades que se lles presentan aos alumnos/as propónse a posibilidade de realizar tarefas con ferramentas informáticas adecuadas á idade.

Competencia social e cidadá.

A lingua é a base da comunicación entre os seres humanos, de aí que desde a área de Lingua se poida contribuír facilmente ao desenvolvemento desta competencia básica, entendida como conxunto de habilidades necesarias para a convivencia. Neste sentido, que os nenos/as aprendan a comunicarse cos demais e a comprender o que os demais lles transmiten é fundamental para a súa formación como seres sociais. Ademais, a lingua tamén lles permite aos nenos/as tomar contacto con outras realidades diferentes da súa e facilita a erradicación de prexuízos e imaxes estereotipadas.

Competencia cultural e artística.

Desde a área de Lingua contribúese ao desenvolvemento desta competencia mediante a lectura e a valoración de obras literarias infantís de diferentes épocas e culturas. Ademais, o traballo a partir dos debuxos e as fotografías que acompañan os textos permite desenvolver habilidades propias da educación artística. Ademais, inclúense propostas para realizar, a partir dos contidos lingüísticos, actividades de creación plástica.

Competencia para aprender a aprender.

O uso correcto da lingua é unha das ferramentas básicas da aprendizaxe. A lectura posibilita o acceso ao coñecemento, e a escritura permite a súa reelaboración e a súa asimilación persoal. Cuestións como mellorar a velocidade lectora ou a comprensión, así como a correcta expresión dos coñecementos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia. Por outra parte, a presenza de actividades que permiten traballar a atención, a memoria ou a construción do sentido serven tamén para contribuír ao desenvolvemento da aprendizaxe.

Autonomía e iniciativa persoal.

O traballo na área de Lingua castelá preséntase para que poida ser realizado de forma autónoma, pedíndolles aos nenos/as que demostren o que son capaces de realizar cos coñecementos lingüísticos que posúen ata ese momento.

Por outra parte, a proposta de actividades que obrigan aos nenos/as a poñerse no lugar doutros ou a decidir entre varias cuestións favorece o desenvolvemento desta competencia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / LINGUA CASTELÁ

1. Participar nas situacións de comunicación da aula, respectando as normas do intercambio: gardar a vez de palabra, escoitar, expoñer con claridade, entoar adecuadamente.

Con este criterio trátase de avaliar tanto a capacidade para intervir nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula, como a actitude coa que se participa nelas. Convén advertir que estas competencias teñen unha estreita relación coa capacidade para observar as situacións comunicativas -finalidade, número de participantes, lugar onde se produce o intercambio...- e para determinar as súas características de forma cada vez máis consciente e proceder de maneira adecuada a cada contexto. No mesmo sentido valorarase se se é capaz de establecer relacións harmónicas cos demais, incluíndo a habilidade para iniciar e soste unha conversación.

2. Expresarse de forma oral mediante textos que presenten de maneira sinxela e coherente coñecementos, ideas, feitos e vivencias.

Este criterio debe avaliar a competencia para expresarse de forma coherente en diversas situacións e para utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe e de regulación da conduta. Observarase se poden comunicar coñecementos e opinións, usando o léxico, as fórmulas lingüísticas, a entoación e a pronunciación adecuados.

3. Captar o sentido de textos orais de uso habitual, recoñecendo as ideas principais e as secundarias.

Con este criterio quérese avaliar a competencia para obter, seleccionar e relacionar información relevante procedente de situacións habituais na aula, que se producen tanto

para relacionarse coma para aprender, e as que se dan no contorno social (familia, radio, TV...)

Este criterio quere avaliar, tamén, se desenvolveron certa competencia para reflexionar sobre os mecanismos de comprensión dos textos e sobre a utilidade para aprender a aprender que a reflexión sobre os procedementos utilizados comporta.

4. Localizar e recuperar información explícita e realizar inferencias directas na lectura de textos.

Con este criterio preténdese valorar se son capaces de detectar e entender información ou ideas relevantes explícitas nos textos -cartas no ámbito escolar, normas de clase, regras de xogo, noticias, cartas ao director, textos escolares- así como transcender o significado superficial para extraer inferencias directas baseadas no texto: acontecementos predicibles, deducir o propósito dos textos ou identificar algunhas xeneralizacións efectuadas no texto.

Nos textos literarios, débese avaliar a identificación das ideas principais dalgúns poemas -cando están indicadas expresamente-, a capacidade para recoñecer o conflito nun conto, a habilidade para comprender as relacións entre os personaxes das historias -cando non aparecen de maneira explícita- ou a anticipación dalgúns acontecementos. Tamén se deben avaliar as destrezas para utilizar determinados aspectos non estritamente textuais que axuden á identificación das ideas principais: tipografía en titulares ou entradiñas, en portadas; subliñados, negras en epígrafes e noutros lugares destacados dos textos etc.

5. Interpretar e integrar as ideas propias coa información contida nos textos de uso escolar e social, e mostrar a comprensión a través da lectura en voz alta.

Con este criterio quérese comprobar se os nenos e as nenas utilizan as súas experiencias e os seus coñecementos para establecer relacións entre as ideas e a información do texto. Deberán ser capaces de utilizar estratexias de comprensión (ser conscientes do propósito da lectura, utilizar indicadores textuais e contextuais para formular e probar conxecturas...) e estratexias para resolver as dúbidas que se presenten (avanzar e retroceder, consultar un dicionario ou buscar información complementaria).

Tamén se avalía a comprensión a través da lectura en voz alta que debe realizarse xa con certa seguridade, sen dúbidas, sen repeticións ou saltos de palabras. É importante asegurar neste ciclo que a decodificación se realiza adecuadamente e de forma fluída.

6. Redactar, reescribir e resumir diferentes textos significativos en situacións cotiás e escolares, de forma ordenada e adecuada, mediante a planificación e revisión dos textos, coidando as normas gramaticais e ortográficas e os aspectos formais, tanto en soporte papel como dixital.

Trátase de avaliar a capacidade para redactar os textos propios das relacións interpersoais na aula -cartas, normas de convivencia, avisos, solicitudes-, así como outros propios dos medios de comunicación social, referidos a feitos próximos á súa experiencia. De maneira especial débese avaliar a capacidade para elaborar textos que permiten progresar na autonomía para aprender -resumos, descricións ou explicacións-.

No ámbito literario, avaliarase a capacidade para recrear, imitar poemas ou relatos utilizando determinados recursos como a rima ou o ritmo, de maneira intuitiva, nos poemas. Este criterio deberá verificar que a produción de textos escritos se realiza de acordo cos pasos propios deste proceso (planificación, escritura do texto, revisión) e que valoran a utilidade de seguiilos para lograr un texto máis completo e adecuado á intención comunicativa.

En todos os escritos, avaliarase o uso das normas ortográficas básicas, así como a presentación clara, limpa e ordenada. Nestes procesos, convén avaliar a habilidade no uso dos medios informáticos para a elaboración e a presentación de textos.

7. Coñecer textos literarios da tradición oral e da literatura infantil adecuados ao ciclo así como as características básicas da narración e a poesía, coa finalidade de apoiar a lectura e a escritura destes textos.

Este criterio avalía a capacidade de gozar de forma cada vez máis autónoma con textos literarios adecuados á idade e aos intereses do ciclo, de comprender o sentido destes grazas á interpretación dalgunhas convencións específicas, como os temas recorrentes, os elementos do relato literario e a rima. Hai que avaliar igualmente a actitude positiva cara á lectura como actividade propia da vida cotiá. Valorarase a capacidade de explorar recursos expresivos e creativos simples, seguindo modelos, en tarefas de dramatización, recreación...

8. Usar a biblioteca da aula e do centro, coñecer os mecanismos da súa organización e do seu funcionamento e as posibilidades que ofrece.

Este criterio debe avaliar a participación nas actividades de lectura nas bibliotecas, a autonomía de uso, o coñecemento dos procedementos básicos e mecanismos de organización e selección dos diferentes materiais así como as posibilidades que lle ofrece cada un deles. Tamén se valorará a adquisición de hábitos de lectura por pracer, de respecto polas normas de uso e a actitude colaboradora no bo funcionamento da biblioteca.

9. Identificar algúns cambios que se producen nas palabras, nos enunciados e nos textos ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.

Trátase de avaliar a habilidade para observar e recoñecer os efectos que inserción, supresión, cambio de orde, segmentación, recomposición, producen nos enunciados e nos textos, de modo que se identifiquen tanto os problemas na escritura e na expresión oral como a orixe de determinadas dificultades na comprensión e se utilice esta reflexión na mellora destas actividades.

Estes procedementos de análise deben permitir considerar o texto de maneira crítica; reflexionar sobre o contido e avalialo; considerar e avaliar a súa estrutura, o uso da linguaxe, os recursos literarios, ou o punto de vista e o oficio do autor.

10. Comprender e utilizar a terminoloxía gramatical e lingüística propia do ciclo nas actividades de produción e comprensión de textos.

Este criterio trata de comprobar que adquiriron os coñecementos gramaticais básicos e saben utilizar a terminoloxía apropiada para referirse a eles (denominacións dos textos, tempos do verbo -presente, futuro, pasado-, determinantes, artigo, cuantificadores, prefixos, sufixos, palabras derivadas, sinónimos e antónimos etc.) Debe valorarse tamén o uso desta terminoloxía para falar sobre o funcionamento da lingua e como apoio para explicar e reflexionar sobre o que se aprendeu.

OBXECTIVOS DE ETAPA / LINGUA ESTRANXEIRA

A ensinanza da Lingua estranxeira na etapa de Educación Primaria terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ✓ Escouitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
- ✓ Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- ✓ Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- ✓ Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
- ✓ Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
- ✓ Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- ✓ Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
- ✓ Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara ás mesmas.
- ✓ Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- ✓ Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CICLO / LINGUA ESTRANXEIRA

- Comprender o sentido global de textos orais breves sobre temas da vida cotiá do alumnado e relativos aos seus intereses (deportes, xogos, hábitos, etc.) producidos de forma contextualizada e coa axuda visual necesaria.
- Extraer algúns detalles concretos de mensaxes orais breves relativos a temas tratados en clase e levar a cabo instrucións sinxelas dadas polo profesor ou profesora (colorear, marcar informacións, etc.).
- Comprender e utilizar algunhas formas simples de expresións de relación social (saúdos, despedidas, agradecementos, etc.) de forma adecuada a cada situación de comunicación.
- Reproducir, comprendendo o que din, retahílas, rimas e cancioncillas infantís breves.
- Producir mensaxes orais breves, relacionados coa identificación tanto propia como doutras persoas (idade, aspecto físico, nacionalidade...).
- Establecer relacións entre a pronuncia, a representación gráfica e o significado de palabras e frases sinxelas na lingua estranxeira.
- Describir de xeito sinxelo obxectos, lugares e persoas utilizando un vocabulario elemental.
- Relacionar a experiencia propia a través dos materiais traballados en clase co medio social e cultural dos países en que foron producidos.
- Desenvolver o gusto pola lectura de textos motivadores que conduzan ao xogo ou a diferentes actividades lúdicas.

CONTIDOS DE SEGUNDO CICLO / LINGUA ESTRANXEIRA

Bloque 1. escoitar, falar e conversar.

- escoita e comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións, interaccións orais dirixidas ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e algunha específica.
- Interacción oral en situacións reais ou simuladas dando respostas verbais e non-verbais que esixan elección entre un repertorio limitado de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.

- Produción de textos orais coñecidos previamente mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións dirixidas... ou ben preparados mediante un traballo previo con axudas e modelos, amosando interese por expresarse oralmente en actividades individuais e de grupo.
- Desenvolvemento de estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira.
- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse.

Bloque 2. Ler e escribir.

- Lectura e comprensión de diferentes textos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa ou para gozar da lectura.
- Uso guiado de estratexias de lectura (utilización dos elementos do contexto visual e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e expresións non-coñecidas.
- Lectura e escritura de textos propios de situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos...
- Composición a partir de modelos, de diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases moi coñecidas oralmente, para transmitir información, ou con diversas intencións comunicativas.
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para ler, escribir e transmitir información.
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos.

Bloque 3. Coñecemento da lingua.

Coñecementos lingüísticos.

- Identificación de aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira e o seu uso como aspectos fundamentais da comprensión e produción de breves textos orais.
- Recoñecemento e uso de léxico, formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira, previamente utilizadas.
- Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.
- Iniciación ao coñecemento e uso das estratexias básicas da produción de textos (elección do destinatario, propósito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados.
- Interese por utilizar a lingua estranxeira de forma correcta en situacións variadas.

Reflexión sobre a aprendizaxe.

- Uso de habilidades e procedementos como repetición, memorización, asociación de palabras e expresións con elementos xestuais e visuais, observación de modelos, lectura de textos, utilización de soportes multimedia, para a adquisición de novo léxico, formas e estruturas da lingua.
- Reflexión sobre a propia aprendizaxe e aceptación do erro como parte do proceso.
- Utilización progresiva de medios gráficos de consulta e información e das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías.
- Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e valoración do traballo cooperativo.

Bloque 4. Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural.

- Interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países nos que se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva de cara ás persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente da propia.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia matemática.

Desde a lingua estranxeira presentamos e traballamos coa numeración, as páxinas, a data, etc. e favorecemos que o alumno/a aprenda a interpretar correctamente os enunciados de problemas matemáticos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

O achegamento á lingua estranxeira faise moitas veces desde as realidades que rodean ao alumnado: o mundo animal, o mundo vexetal, a alimentación, as estacións, etc. e, en consecuencia, favorecemos a comprensión dos fenómenos físicos e a relación do home co medio no que vive.

Competencia para aprender a aprender.

A linguaxe é o principal vehículo do pensamento humano, a ferramenta máis potente para a interpretación e a representación da realidade e o instrumento de aprendizaxe por excelencia, de aí que a área, na medida en que contribúe á mellora da capacidade comunicativa xeral, faino tamén á competencia para aprender a aprender. Non obstante, a súa maior contribución radica en que á aprendizaxe dunha lingua estranxeira dá un enorme rendemento se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Esa é a razón da introdución no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a propia aprendizaxe.

Autonomía e iniciativa persoal.

Pola súa parte, as decisións que provoca a reflexión antes mencionada favorecen a autonomía e, neste sentido, pódese afirmar que a lingua estranxeira contribúe tamén ao desenvolvemento desta competencia.

Tratamento da información e da competencia dixital.

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizándoa. E, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación.

Competencia social e cidadá.

As linguas sêrvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desa lingua. Esta aprendizaxe, ben orientada desde a escola, debe traducirse tanto na capacidade coma no interese por coñecer outras culturas e por relacionarse con outras persoas, falantes ou aprendices desa lingua. Ao mesmo tempo, o coñecemento doutra lingua e de trazos culturais diferentes aos propios contribúe á mellor comprensión e valoración da propia lingua e cultura e favorece o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, favorece a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Competencia artística e cultural.

Por último, e aínda que en menor medida, esta área colabora no desenvolvemento da competencia artística e cultural se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen producións lingüísticas con compoñente cultural.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / LINGUA ESTRANXEIRA

1. Participar en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles, respectando as normas básicas do intercambio, como escoitar e mirar para quen fala.

Con este criterio avalía a capacidade de expresar necesidades inmediatas como pedir permiso, pedir en préstamo obxectos cotiáns, localizar obxectos ou persoas, falar sobre o tempo atmosférico ou sobre gustos ou habilidades. Valorarase a súa participación en

situacións cotiás como rutinas, hábitos, linguaxe de aula ou en simulacións, representacións, cancións ou recitacións. Tamén se avalía con este criterio a actitude coa que participa nos intercambios e maniféstase interese polas intervencións das demais persoas.

2. Captar o sentido global, e identificar información específica en textos orais sobre temas familiares e de interese.

Este criterio quere avaliar se son capaces de captar o sentido global dunha mensaxe oral apoiándose en elementos lingüísticos e non-lingüísticos presentes na situación de comunicación. Tamén se refire á capacidade de recoñecer e extraer palabras e expresións coñecidas que aparecen en expresións máis extensas aínda que o texto non se comprenda na súa totalidade.

3. Ler e captar o sentido global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas coñecidos e cunha finalidade concreta.

Este criterio avalía se son capaces de ler, tamén en voz alta, diferentes textos, adecuados á súa competencia comunicativa como notas, normas de aula, cartas, carteis ou contos, que conteñan vocabulario e expresións coñecidas, para extraer información global e específica, coa axuda de estratexias fundamentais de comprensión escrita como usar elementos do contexto lingüístico e non-lingüístico, e transferir coñecementos das linguas que coñece.

4. Escribir frases e textos curtos significativos en situacións cotiás e escolares a partir de modelos cunha finalidade determinada e cun formato establecido, tanto en soporte papel coma dixital.

Este criterio intenta valorar a capacidade para escribir textos diversos como notas, instrucións ou normas, cartas, carteis, folletos, cómics ou descricións sinxelas. Avaliarase a capacidade de utilizar o modelo para producir un texto con certo grao de autonomía, avaliarase a corrección ortográfica adquirida a partir da observación de modelos e do coñecemento das relacións entre son e grafía.

5. Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira incluíndo aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade dos nenos e das nenas de recoñecer e reproducir aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación cando participan activamente escoitando, repetindo e anticipando expresións en actividades de lectura en voz alta e sempre a partir de modelos.

6. Usar algunhas estratexias para aprender a aprender, como pedir aclaracións, acompañar a comunicación con xestos, utilizar dicionarios visuais e bilingües, recuperar, buscar e recompilar información sobre temas coñecidos en diferentes soportes e identificar algúns aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.

Este criterio pretende avaliar a utilización de estratexias básicas que favorecen o proceso de aprendizaxe como a utilización de recursos visuais e xestuais, a petición de axuda e aclaracións, o uso cada vez máis autónomo de dicionarios bilingües e dalgúns

medios tecnolóxicos básicos. Tamén se avaliará a capacidade de ir valorando os seus progresos, de poñer exemplos sobre estratexias que usa para aprender mellor e a adquisición de certa autonomía no uso espontáneo de formas e estruturas sinxelas e cotiás.

7. Valorar a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostrar curiosidade e interese cara ás persoas que falan a lingua estranxeira.

Con este criterio avalíase se teñen unha actitude de curiosidade cara aos que falan a lingua estranxeira ou outras linguas diferentes da propia, tamén se observará a capacidade de valorar a diversidade lingüística como elemento enriquecedor da sociedade e de apreciar as particularidades socioculturais dos falantes doutras linguas.

8. Identificar algúns aspectos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira e comparalos cos propios.

Avalíase con este criterio a capacidade de observar e identificar algunhas diferenzas e similitudes sobre aspectos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira no referido a horarios, comidas, tradicións, festividadeas e formas de relacionarse das persoas e formas de relacionarse das persoas.

OBXECTIVOS DE ETAPA / MATEMÁTICAS

A ensinanza das Matemáticas na etapa de Educación Primaria terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ✓ Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes coma a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións.
- ✓ Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
- ✓ Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
- ✓ Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.
- ✓ Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.

- ✓ Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
- ✓ Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.
- ✓ Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do contorno do alumnado; representala de xeito gráfico e numérico e formarse un xuízo sobre ela mesma.

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CICLO / MATEMÁTICAS

- Ler, escribir e comparar números ata o 999.999.
- Utilizar os números ordinais, os números romanos, as fraccións e os números decimais.
- Escribir e ler sumas, restas, multiplicacións e divisións e aplicar os algoritmos correspondentes.
- Aplicar estratexias de cálculo mental de sumas, restas, multiplicacións e divisións.
- Establecer equivalencias entre a suma e a resta e entre a multiplicación e división.
- Identificar regularidades numéricas e escribir series ordenadas de números.
- Analizar os elementos dun problema, identificar os datos coñecidos, os que faltan e os que sobran e utilizar estratexias sinxelas para a súa resolución.
- Resolver problemas seleccionando operacións de suma, resta, multiplicación ou división; e cunha ou varias operacións combinadas.
- Elixir a unidade de medida máis adecuada (lonxitude, capacidade, masa e tempo) e os instrumentos pertinentes, atendendo á magnitude que queremos medir.
- Facer estimacións de medidas de lonxitude, capacidade, masa e tempo.
- Aplicar o coñecemento das moedas e billetes de ata 500 euros para resolver problemas de compra.
- Identificar e describir liñas, figuras e corpos xeométricos, os seus elementos e posicións.
- Identificar semellanzas, diferenzas e regularidades nos elementos dun conxunto e clasificar os seus elementos.

- Determinar nun conxunto os elementos que cumpren certas condicións e facer inferencias sinxelas.
- Interpretar e representar itinerarios e figuras na cuadrícula en relación a un sistema de referencia.
- Buscar, recoller, rexistrar, organizar e ordenar datos numéricos para representalos graficamente ou para resolver problemas.
- Interpretar numericamente gráficos estatísticos e representar graficamente informacións cuantificables.
- Efectuar comprobacións de sumas, restas, multiplicacións e divisións coa calculadora.
- Presentar de forma clara, limpa e ordenada os cálculos e o trazado de figuras xeométricas.
- Sentir curiosidade e interese por coñecer as relacións numéricas e xeométricas.
- Valorar a utilidade dos números, da medida e do diñeiro na vida diaria.
- Mostrar interese polas situacións lúdicas das matemáticas e respecto e colaboración cos demais nas actividades colectivas.

CONTIDOS DE SEGUNDO CICLO / MATEMÁTICAS

Bloque 1. Números e operacións.

Números naturais e fraccións.

- Sistema de numeración decimal. Valor de posición das cifras. O seu uso en situacións reais.
- Orde e relación entre os números. Notación.
- Números fraccionarios para expresar particións e relacións en contextos reais, utilización do vocabulario apropiado.
- Comparación entre fraccións sinxelas: mediante ordenación e representación gráfica.

Operacións.

- Utilización en situacións familiares da multiplicación como suma abreviada, en disposicións rectangulares e problemas combinatorios.
- Utilización en contextos reais da división para repartir e para agrupar.
- Interese para a utilización dos números e do cálculo numérico para resolver problemas en situacións reais, explicando oralmente e por escrito os procesos de resolución e os resultados obtidos.

Estratexias de cálculo.

- Descomposición aditiva e multiplicativa dos números. Construción e memorización das táboas de multiplicar.
- Utilización dos algoritmos estándar, en contextos de resolución de problemas, de suma, resta, multiplicación e división por unha cifra.
- Utilización de estratexias persoais de cálculo mental.
- Estimación do resultado dunha operación entre dous números, valorando se a resposta é razoable.
- Utilización da calculadora na resolución de problemas da vida cotiá, decidindo sobre a conveniencia de usala en función da complexidade dos cálculos.
- Confianza nas propias posibilidades e constancia para utilizar os números, as súas relacións e operacións para obter e expresar informacións, manifestando iniciativa persoal nos procesos de resolución de problemas da vida cotiá.
- Interese pola presentación limpa, ordenada e clara dos cálculos e dos seus resultados.
- Disposición para desenvolver aprendizaxes autónomas en relación cos números, as súas relacións e as operacións.

Bloque 2. A medida: estimación e cálculo de magnitudes.***Lonxitude, peso/masa e capacidade.***

- Realización de medicións usando instrumentos e unidades de medida convencionais en contextos cotiáns.
- Unidades de medida convencionais: múltiplos e submúltiplos de uso cotián, utilización en contextos reais. Elección da unidade máis adecuada para a expresión dunha medida.
- Comparación e ordenación de unidades e cantidades dunha mesma magnitude.
- Elaboración e utilización de estratexias persoais para medir.
- Estimación de medidas de obxectos da vida cotiá.
- Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada na medición.
- Interese por coñecer e utilizar a medida e por expresar os resultados numéricos das medicións manifestando as unidades utilizadas e explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.

Medida do tempo.

- Unidades de medida do tempo: lectura no reloxo analóxico e no dixital.
- Confianza nas propias posibilidades e por compartir cos demais os procesos que utilizan a medida para obter e expresar informacións e para resolver problemas en situacións reais.

- Interese pola presentación limpa e ordenada do proceso e a expresión de medidas.

Bloque 3. Xeometría.

A situación no espazo, distancias, ángulos e xiros.

- Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas. Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico.
- As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.

Formas planas e espaciais.

- Identificación de figuras planas e espaciais na vida cotiá.
- Clasificación de polígonos. Lados e vértices.
- A circunferencia e o círculo.
- Os corpos xeométricos: cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros. Arestas e caras.
- Descrición da forma de obxectos utilizando o vocabulario xeométrico básico.
- Construción de figuras xeométricas planas a partir de datos e de corpos xeométricos a partir dun desenvolvemento. Exploración de formas xeométricas elementais.
- Comparación e clasificación de figuras e corpos xeométricos utilizando diversos criterios.
- Comparación e clasificación de ángulos.

Regularidades e simetrías.

- Transformacións métricas: translacións e simetrías.
- Interese pola elaboración e pola presentación coidadosa das construcións xeométricas.
- Gusto por compartir os procesos de resolución e os resultados obtidos. Colaboración activa e responsable no traballo en equipo.
- Confianza nas propias posibilidades e constancia para utilizar as construcións xeométricas e os obxectos e as relacións espaciais.

Bloque 4. Tratamento da información, azar e probabilidade.

Gráficos e táboas.

- Táboas de datos. Iniciación ao uso de estratexias eficaces de reconto de datos.
- Recollida e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisa, observación e medición.

- Lectura e interpretación de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá.
- Interpretación e verbal de elementos significativos de gráficos sinxelos relativos a fenómenos familiares.
- Disposición á elaboración e presentación de gráficos e táboas de forma ordenada e clara.

Carácter aleatorio dalgunhas experiencias.

- Valoración dos resultados de experiencias nas que intervén o azar, para apreciar que hai sucesos máis ou menos probables e a imposibilidade de predicir un resultado concreto.
- Introducción á linguaxe do azar.
- Confianza nas propias posibilidades, e curiosidade, interese e constancia na interpretación de datos presentados de forma gráfica.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE MATEMÁTICAS

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno/a debe...

- **Ser capaz de coñecer e valorar a presenza das informacións numéricas na vida cotiá, manexar os números nos seus diferentes contextos e empregalos con distintas finalidades.**
- **Ser capaz de realizar cálculos e estimacións con números, identificando situacións onde sexan necesarios e expresando o proceso seguido.**
- **Ser capaz de utilizar instrumentos de medida, estimar medidas de magnitudes e expresar os resultados na unidade adecuada.**
- **Ser capaz de recoñecer a presenza de liñas, formas e corpos xeométricos na realidade, aplicar as súas características para describir situacións e utilízalas con distintas fins.**
- **Ser capaz de utilizar e elaborar estratexias de resolución de problemas, elixir a máis adecuada en cada caso e aplicala seguindo un proceso de resolución ordenado.**
- **Ser capaz de recoller datos e informacións do contorno que o rodea, representar a información en distintas formas, interpretala e producir mensaxes con ela.**
- **Ser capaz de recoñecer a presenza e o papel das Matemáticas no noso mundo, valorar a importancia da creatividade e o rigor ao utilízalas e confiar nas súas propias habilidades.**

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística.

Para desenvolver esta competencia, ao traballar as Matemáticas os alumnos/as deben poñer atención especial na incorporación dos termos matemáticos na linguaxe usual e o seu uso correcto, na descrición verbal dos procesos e na comprensión dos textos que se lles ofrecen (en especial, os problemas). Cómpre que os alumnos/as falen, escriban, escoiten e expliquen o proceso seguido no seu traballo matemático.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

A área de Matemáticas permítelles aos alumnos comprender, describir e interactuar co contorno físico que os rodea. O traballo coas posicións no espazo, as figuras e os corpos xeométricos, a simetría... capacitaraos para ser competentes no emprego de planos, mapas, rutas... Do mesmo xeito, os contidos de números e operacións e medida axúdanlles a comprender a realidade, e a interactuar con ela. Co estudio dos gráficos entenden e producen informacións sobre o contorno.

Tratamento da información e competencia dixital.

Esta área contribúe á adquisición desta competencia de varias formas. Por un lado, achega destrezas como a comparación de números, a aproximación, as distintas formas de expresar e de usar os números...; e polo outro, traballa a recollida e a tabulación de datos, e a interpretación e representación de táboas de dobre entrada e dos tipos de gráficos máis comúns.

Competencia social e cidadá.

Valores como o rigor, o coidado, a perseveranza están asociados ao traballo matemático. Da mesma maneira, o traballo en equipo e a consideración e a reflexión sobre as opinións e os puntos de vista dos outros (por exemplo, ao resolver problemas) contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Competencia cultural e artística.

O saber matemático é parte fundamental do coñecemento da humanidade, e contidos como os tratados en Xeometría permítenlle ao alumno/a comprender, de maneira máis efectiva, as manifestacións artísticas, e ser capaz de utilizalos para crear obras propias.

Competencia para aprender a aprender.

O desenvolvemento de nocións matemáticas firmes e o manexo destre da información son instrumentos que facilitan posteriores aprendizaxes. De igual maneira, actitudes como a autonomía e o esforzo potencianse ao abordar situacións complexas de maneira sistemática. A verbalización dos procesos seguidos axuda tamén á reflexión sobre o aprendido e a consecución dunha aprendizaxe efectiva.

Autonomía e iniciativa persoal.

As Matemáticas contribúen á consecución desta competencia desde os contidos asociados á resolución de problemas, que é un dos eixes fundamentais da área. A contribución a esta competencia realízase desde tres vertentes principais: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. A resolución de situacións abertas fomenta a

confianza nas propias capacidades.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / MATEMÁTICAS

1. Utilizar en contextos cotiáns, a lectura e a escritura de números naturais de ata seis cifras, interpretando o valor posicional de cada unha delas e comparando e ordenando números polo valor posicional e na recta numérica.

Este criterio pretende comprobar o manexo, en situacións reais, da representación de cantidades de ata seis cifras, partindo do concepto de valor de posición. Igualmente trátase de verificar, en contextos da vida cotiá, a capacidade de interpretar e expresar situacións con cantidades da mencionada magnitude, de dominar a organización da serie escrita das cifras dun número e de situalo na recta.

2. Realizar cálculos numéricos con números naturais, utilizando o coñecemento do sistema de numeración decimal e as propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.

Este criterio trata de comprobar a capacidade de utilizar nos cálculos a estrutura do sistema decimal de numeración e as propiedades das operacións, mostrando flexibilidade á hora de elixir o procedemento máis adecuado, se ben debe prestarse especial atención ao dominio dos algoritmos escritos.

3. Utilizar estratexias persoais de cálculo mental en cálculos relativos á suma, á resta, á multiplicación e ás división simples.

Trátase de valorar a capacidade para utilizar con certa axilidade estratexias persoais de cálculo mental en situacións de cálculo sinxelas. Atenderase especialmente á explicación que fan sobre as estratexias aplicadas. Non se trata tanto de valorar a rapidez no cálculo como de apreciar se chegan a resultados válidos, que serán exactos ou estimados en función dos números que interveñen e da situación en que o cálculo se produce.

4. Realizar, en contextos reais, estimacións e medicións escollendo, entre as unidades e instrumentos de medida usuais, os que mellor se axusten ao tamaño e á natureza do obxecto que hai que medir.

Este criterio trata de valorar a competencia para elixir tanto o instrumento coma a unidade de medida máis adecuados para efectuar medicións, en función do que se vaia medir. Igualmente se desexa apreciar a capacidade de estimación a partir de previsións máis ou menos razoables. Tamén se pretende comprobar se se utilizan en situacións da vida cotiá as unidades de medida propias do ciclo, converter unhas noutras e que os resultados das medicións se expresan na unidade de medida máis adecuada. Así mesmo, valorarase a capacidade de explicar oralmente e por escrito os razoamentos seguidos.

5. Obter información puntual e describir unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares e utilizar

as nocións básicas de movementos xeométricos, para describir e comprender situacións da vida cotiá e para valorar expresións artísticas.

Este criterio pretende avaliar capacidades de orientación e representación espacial, tendo en conta tanto a linguaxe utilizado coma a representación no plano de obxectos e contextos próximos, valorando a utilización de propiedades xeométricas (aliñamento, paralelismo, perpendicularidade...) como elementos de referencia para describir situacións espaciais. Así mesmo, preténdese apreciar a adecuada utilización dos movementos no plano tanto para emitir e recibir informacións sobre situacións cotiás, como para identificar e reproducir manifestacións artísticas que inclúan simetrías e translacións.

6. Recoñecer e describir formas e corpos xeométricos do espazo (polígonos, círculos, cubos, prismas, cilindros, esferas).

Este criterio pretende valorar se coñecen as propiedades básicas de corpos e figuras planas. Para iso é importante apreciar a capacidade para clasificar tanto figuras coma corpos, atendendo a diversos criterios. En especial, poñerase a énfase nas clasificacións realizadas de acordo a criterios libremente elixidos.

7. Recoller datos sobre feitos e obxectos da vida cotiá utilizando técnicas sinxelas de conto, ordenar estes datos atendendo a un criterio de clasificación e expresar o resultado de forma de táboa o gráfica.

Este criterio trata de valorar a capacidade para realizar un efectivo conto de datos e representar o resultado utilizando os gráficos estatísticos máis adecuados á situación. É así mesmo motivo de avaliación a capacidade para describir e interpretar gráficos sinxelos relativos a situacións familiares.

8. Resolver problemas relacionados co contorno que esixan certa planificación, aplicando dúas operacións con números naturais como máximo, así como os contidos básicos de xeometría ou tratamento da información e utilizando estratexias persoais de resolución.

Este criterio trata de comprobar a capacidade para utilizar estratexias persoais para a resolución de problemas e para aplicar os coñecementos adquiridos. É así mesmo importante observar a facultade de empregar máis dun procedemento e a perseveranza na busca de solucións, e a expresión, oral e escrita, de forma ordenada o proceso seguido.

OBXECTIVOS DE ETAPA / RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

A ensinanza da Relixión e Moral Católica na etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ✓ Coñecer os aspectos básicos das relixións xa desaparecidas relacionándoas co cristianismo.

- ✓ Recoñecer os fundadores e algúns elementos distintivos das grandes relixións vixentes, na súa resposta ás preguntas básicas sobre o sentido da vida e o compromiso dos crentes.
- ✓ Coñecer a Biblia, a súa estrutura e sentido, identificando algúns textos básicos como Palabra de Deus.
- ✓ Descubrir a acción de Deus na natureza e na persoa, como fundamento e fonte dos valores básicos do ser humano.
- ✓ Identificar algúns personaxes fundamentais da Historia da salvación e a súa resposta de fe, descubriendo o valor central da persoa de Xesucristo e a resposta de fe da Virxe María.
- ✓ Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo e a través da vida e acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.
- ✓ Identificar o significado dalgúns acontecementos, formulacións, expresións e textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da vida do Espírito Santo no mundo e na Igrexa.
- ✓ Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, coñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesialístico prestado polos apóstolos e os seus sucesores.
- ✓ Comprender e distinguir o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos nas relixións monoteístas, relacionándoas cos aspectos culturais e celebrativos da liturxia.
- ✓ Analizar a xerarquía de valores, actitudes e normas que conforman o ser cristián, e aplicalos ás distintas situacións da vida.
- ✓ Valorar que a fe cristiá implica asumir responsabilidades, coñecer e comprender a raíz e o sentido da acción e do compromiso cristián, e manter unha actitude de tolerancia e respecto ante os sistemas éticos das distintas relixións.
- ✓ Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural, que se manifesta a través da linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia, como expresión da fe católica e doutras relixións.
- ✓ Descubrir que o destino eterno do home empeza aquí como don que xorde da vitoria de Cristo sobre a morte.

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CICLO / RELIXIÓN CATÓLICA

- Recoñecer que a creación é obra de Deus.
- Identificar algúns atributos de Deus: Pai, poderoso e provedor.

- Comprender a mensaxe esencial do relato bíblico da creación.
- Coñecer a misión dos patriarcas e o nome dos principais.
- Descubrir que a promesa de salvación se cumpre en Xesucristo.
- Recordar os episodios principais da vida, paixón, morte e resurrección de Xesús.
- Recoñecer as principais ensinanzas de Xesús a través das parábolas.
- Identificar o pecado como ruptura con Deus, consigo mesmo e cos demais.
- Recoñecer que o principal mandamento de Xesús é o mandamento do amor e identificar formas de manifestar o amor aos demais.
- Aprender o significado da palabra apóstolo e identificar os principais apóstolos de Xesús.
- Descubrir que a Igrexa continúa a misión salvadora de Xesús a través dos sacramentos.
- Enumerar os sete sacramentos e comprender o significado e efecto esencial de cada un.
- Coñecer que Xesús prometeu a vida eterna a quen cumprise os mandamentos e amasen de verdade os demais.
- Identificar a vida eterna como un estado de felicidade completa na visión de Deus.
- Recoñecer que a Virxe María é nai de Xesús e nai de todos, exemplo e modelo de virtudes.
- Coñecer os principais misterios da vida de María e algunhas advocacións importantes.
- Ser capaz de buscar unha cita bíblica e citar un texto da Biblia

CONTIDOS DE SEGUNDO CICLO / RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

- Deus é creador. O mundo e a vida como don de Deus na Biblia. Algún relato sobre a orixe do mundo na antigüidade.
- A acción salvadora de Deus a través dos patriarcas e Moisés no pobo xudeu. Sentido salvífico e compromiso co home no xudaísmo, no cristianismo e no islam.
- A promesa de salvación que Deus lle fai ao home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
- Significado da vida de Xesús en canto entrega persoal e compromiso con todos os homes.

- O pecado do home como ruptura con Deus, cos demais e consigo mesmo.
- O perdón de Deus e a súa misericordia. Os milagros de Xesús.
- A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.
- A fe e o seguimento, resposta a Xesucristo. O mandamento do amor.
- O nacemento da Igrexa. O Espírito Santo é quen dá a vida. Manifestacións dos vínculos internos que unen os membros da Igrexa.
- A Igrexa, o Corpo de Cristo.
- A salvación de Deus a través dos sacramentos da Igrexa. Os sacramentos da Iniciación e da Reconciliación.
- A Eucaristía, orixe e meta da vida cristiá.
- A Virxe María, Nai da Igrexa. Sentido das advocacións.
- Comparación entre as principais expresións artísticas das relixións monoteístas. Identificación da fe do autor e da comunidade.
- A vida que Deus dá dura para sempre.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Se ben a ensinanza relixiosa está presente e axuda á conformación das competencias básicas fixadas na lexislación, tendo en conta que as competencias básicas son aquelas que sustentan a realización persoal, a inclusión social e a cidadanía activa, algunhas delas teñen unha especial relación coa acción educativa da relixión católica, e incluso, podería afirmarse que outras, se se prescinde da realidade relixiosa, carecerían de elementos importantes para a súa adquisición e desenvolvemento.

Entre outras, a Conferencia Episcopal de Ensinanza e Catequese propón as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística.

O diálogo da fe coa cultura contribúe ao desenvolvemento desta competencia, na medida en que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, na exposición dos seus contidos e na aplicación sobre a cultura e as distintas formas de vida social, así como á argumentación adecuada a esta idade e sempre presente na ensinanza relixiosa.

Por outra parte, é propio da ensinanza relixiosa católica a utilización dos diversos modos de comunicación que a acción de Deus sobre o home utilizaou. A súa revelación é rica en

distintas linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía; a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental; a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián; e a linguaxe testemuñal que fai posible a transmisión vital do crido.

Todo iso é imprescindible para a comprensión da linguaxe en todas as linguas da cultura occidental. A ensinanza relixiosa fai posible unha verdadeira comunicación lingüística, ao utilizar as distintas linguaxes na súa expresión verbal ou escrita, explícitos e implícitos en fontes diversas. Finalmente, a análise de feitos sociais que se presentan na clase de relixión, como elementos motivadores da realidade evanxélica, posibilitan o enriquecemento do vocabulario.

Competencia social e cívica.

Nesta competencia intégranse elementos esenciais para a humanización (persoais, interpersoais e interculturais) e recóllense todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social e profesional. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e as virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno/a, para facer posible a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, a liberdade, a xustiza e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo.

O desenvolvemento do ser humano, das capacidades da súa mente e do seu corazón, das potencialidades que o configuran e que desbordan as expectativas puramente materiais e funcionais, fundamentan e danlle sentido á acción social e cívica do alumno/a. A ensinanza relixiosa neste cometido incide substancialmente no descubrimento e no desenvolvemento da verdadeira humanización, capaz de o facer competente na acción social.

Con iso estamos fundamentando un dos valores básicos, a súa dignidade como ser humano, como fillo de Deus. O alumno/a necesita, xa nestas idades, motivacións para amar, para construír a personalidade máis humana, para ilusionarse en proxectos de vida altruísta e desinteresada. O testemuño de homes e mulleres santos en toda a historia constitúe un referente continuo para a autoasimilación dos valores máis xenuinamente cristiáns.

En consecuencia, contribúese directamente á dimensión moral da persoa favorecendo que os alumnos/as recoñezan a raíz do seu propio ser e os seus mesmos comportamentos. Iso implica mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que xorden da persoa de Cristo e axuda a afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia.

No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas esixencias éticas de convivencia, participación, coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, estean fundamentadas e sexan consecuencias da fe cristiá. Os valores do respecto, a cooperación, a solidariedade, a xustiza, a non-violencia, o compromiso e a participación teñen a súa fundamentación e as referencias cristiás na filiación polo amor de Deus, o amor, a fraternidade, a xustiza, a misericordia, o perdón, a doazón dun mesmo, a entrega total a favor dos pobres.

Competencia cultural e artística.

A contribución a esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e

valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados de cristianismo desde a súa orixe e o seu desenvolvemento actual, como manifestación do feito relixioso. O alumno/a non só vai coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que implica o coñecemento do feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.

A cultura e a historia europea occidental, e a propia historia e cultura española, non poden ser comprendidas e asumidas se se prescinde do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. Todo o mundo sabe que a maduración da personalidade humana se realiza dentro da tradición cultural na que se medra e se sustenta un. Esta maduración realízase nun mundo cada vez máis complexo e de maior contraste cultural e de presenza, respecto e diálogo de culturas.

A área de Relixión e Moral Católica presenta o acontecemento cristián en diálogo coa cultura, incorporando organicamente o saber da fe no conxunto dos demais saberes. Con iso o alumno/a adquire unha valoración crítica da cultura á luz do Evanxeo, motivando ao mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

A ensinanza relixiosa católica non só lle achega á competencia cultural e artística uns coñecementos da arte e da cultura con referencia relixiosa e unhas destrezas, senón tamén o sentido e a profundidade da súa presenza que remite a unha maneira concreta de ver a vida, de expresala e de vivir desde a contribución cristiá á cultura, colaborando así tamén na conservación e na valoración do patrimonio cultural.

Competencia para aprender a aprender.

Esta área contribúe ao desenvolvemento desta competencia, fomentando as capacidades a través da educación, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e a opinión.

Ademais, a ensinanza relixiosa axúdalles aos alumnos/as a ser protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan por El establecido. Por iso, aprender a aprender implica non só unha proposta consensuada de sentimentos, valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que deberá ser crisol na busca da verdade e do ben.

Autonomía e iniciativa persoal.

É unha finalidade fundamental do quefacer da escola que os alumnos/as descubran a súa identidade persoal, pero isto non será posible sen unha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A autonomía e a iniciativa persoal non poderá realizarse no alumno/a se non se inicia no coñecemento del mesmo, no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido. A formación relixiosa católica achega desta maneira unha cosmovisión que fai posible a apertura cara ao fundamento e o sentido último da vida e, polo tanto, ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana.

A ensinanza relixiosa católica non se reduce a unha ensinanza de valores; diríxese á persoa concreta nas súas raíces, nas súas posibilidades humanas de acción e de servizo e, sobre

todo, diríxese ao ser humano na súa finalidade transcendente. Todo iso implica o ofrecemento do Evanxeo de salvación de Xesucristo, para que, ao que se coñeza, xurda a humanidade nova feita de homes novos conforme o designio de Deus. Por iso a ensinanza debe de propoñer a Xesucristo como camiño que nos conduce á verdade e á vida e debe de facerse desde a convicción profunda que procede da Igrexa que confesa, celebra e vive a fe en Xesucristo e, en consecuencia, mediante a forma propia e máis coherente de transmitir esa fe da Igrexa: o testemuño.

Na contribución ao desenvolvemento persoal do alumno/a, a relixión é xeradora de valores e de integración social. A relixión colabora nesta competencia entregándolle ao alumno/a as virtualidades necesarias para crear as disposicións e actitudes que favorecen a inserción social. A autonomía do individuo cristián vén precisamente favorecida pola apertura a unha visión totalizante do mundo e da realidade, unha cosmovisión que fai posible a formación integral do alumno/a fronte a visións parciais e determinantes da liberdade propia.

Desde os procedementos da área favorécese esta competencia básica desenvolvendo iniciativas e atende especialmente a que os alumnos/as constrúan un xuízo moral baseado nos principios, nos valores e nas actitudes que xera o mesmo Evanxeo.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

Esta área contribúe á adquisición desta competencia a través da doutrina social da Igrexa, iluminando as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio físico e consigo mesmo. Tamén contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía.

Á vez, apoia e dálles sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde esta competencia. O cristián entende a natureza como creación de Deus, polo que a valora, ademais de coidala e fomentala.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

1. Distinguir os fundadores das relixións monoteístas, comparándoos entre eles nos aspectos concernentes á súa relación con Deus, o seu compromiso co home e a súa acción salvífica.
2. Verificar a acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos, e a súa plenitude en Xesucristo.
3. Recoñecer o amor de Deus ao crearnos á súa imaxe e adoptarnos como fillos.
4. Identificar algúns feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus polo home.
5. Situar as accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagros, a súa morte e resurrección.
6. Comprender que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesucristo a restablece coa súa morte e resurrección, e que o amor de Deus dura para sempre.
7. Explicar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesucristo.

8. Distinguir e relacionar os sacramentos da Iniciación, a Reconciliación e a Eucaristía.
9. Explicar a nova vida que xorde polo Bautismo e se alimenta na Eucaristía.
10. Saber describir a Igrexa como Corpo de Cristo.
11. Razoar que quen une os membros da Igrexa é o Espírito Santo.
12. Recoñecer nas distintas advocacións de María á Nai de Deus e Nai nosa.
13. Aplicar algunhas obras artísticas e xestos litúrxicos os contidos básicos da fe cristiá e doutras relixións.
14. Explicar o significado dalgúns textos evanxélicos que fagan referencia á vida eterna.

METODOLOXÍA

O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos/as realicen aprendizaxes significativas en por eles.
- Favorecer situacións nas que os alumnos/as deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos/as, coa fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- **Aprendizaxe funcional.**
 - Asegurar a relación das actividades de ensino-aprendizaxe coa vida real do alumno/a partindo das súas experiencias.
 - Diseñar as actividades no ámbito do ciclo e da etapa para conseguir a plena adquisición e consolidación de contidos, tendo en conta que moitos deles non se adquiren unicamente a través de actividades desenvolvidas no contexto da aula.
 - Potenciar o uso de técnicas e estratexias directas que favorezan a experiencia.

- **Aprendizaxe activa.**
 - Entendida esta como un conxunto de estratexias que permitan estimular aos alumnos/as a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe.
 - Inténtase que o alumno/a sexa o verdadeiro protagonista do proceso ensino-aprendizaxe, facéndolle analizar, observar e criticar as diferentes situacións que se lle presenten, manipulando os obxectos, mais a actividade debe ser mental, e por iso se propón que o neno/a analice e verbalice as actividades manipulativas e motóricas realizadas.

- **Aprendizaxe significativa.**

Aprender significativamente supón a posibilidade de atribuír significado ao que se debe aprender (o novo contido) a partir do que xa se coñece (os seus coñecementos previos). Así comezará cada unidade didáctica con unha avaliación inicial, para averiguarmos os coñecementos previos de cada alumno/a e sobre eles construímos os novos en base aos seguintes principios:

- Contido significativo: Coherente, claro e organizado.
- Coñecementos previos: é preciso partir dos coñecementos previos dos nenos/as, que lles permitirán abordar a nova aprendizaxe.
- Motivación: Conséguese unha actitude favorable do alumno/a cara a nova aprendizaxe, xa que se lle motiva a través do material e a forma de presentalo, como é a manipulación, a acción, o xogo, a verbalización, etc. Motívanse con saídas escolares promotoras do contacto directo cos elementos do entorno, coas persoas que poidan proporcionar información.

Tendo en conta os intereses do alumno/a aproveitaranse as posibilidades do entorno e dos materiais didácticos, resultando así especialmente motivadora a aprendizaxe.

- **Aprendizaxe globalizadora.**

- Pretendemos estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dun xeito global.
- A globalización require organizar os contidos arredor de eixos que permitan abordar os problemas, as situacións e os coñecementos, dentro dun contexto e da súa globalidade.
- Seleccionar reforzos variados adecuados aos intereses e necesidades de todo o alumnado.

- **Aprendizaxe de socialización.**

- A interrelación profesor/a e alumno/a é esencial para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social.
- Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan a confraternización e a modificación de puntos de vista, a incorporación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación.
- Potenciar técnicas cooperativas que fomentan a participación real e activa do alumnado con N.E.E.

- **Aprendizaxe de individualización.**

- Ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os recursos das diferentes situacións comprobando en que medida se vai incorporando ás aprendizaxes realizadas e aplicadas ás novas propostas de traballo e ás situacións da vida ordinaria.
- Utilizar técnicas e extratexias de aprendizaxe que se adapten aos estilos de aprendizaxe de todo o alumnado.

- Utilizar técnicas e extratexias de aprendizaxe que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.
- Adecuar a linguaxe ao nivel de comprensión dos alumnos/as.

- **Aprendizaxe afectiva.**

O profesorado promoverá un clima acolledor e tranquilo imprescindible para que se produza unha interacción educativa adecuada, para que o alumno/a se sinta aceptado e seguro para expor, planificar e presentar ideas. Garantir unha convivencia agradable que favoreza a aprendizaxe.

- **Autonomía na aprendizaxe.**

Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos/as. Concrétase nos seguintes aspectos:

- A **utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada** na presentación dos novos contidos.
- A **gradación das actividades**, a xerarquización varía segundo a natureza de cada programa, e aparecen en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
- A **énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe**, que inclúen unha reflexión sobre os contidos que son obxecto de estudo e unha revisión final.

- **Programación cíclica**, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e **unha rigorosa selección dos contidos**, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

- **Atención á diversidade do alumnado.**

A nosa intervención educativa cos alumnos/as asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

- **Sensibilidade pola educación en valores.**

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos/as fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...

- **Avaliación do proceso educativo.**

A avaliación concíbese dunha forma *holística*, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

AGRUPAMENTO DE ALUMNOS/AS

Os diversos modelos de agrupamento que adopta o centro son unha dimensión esencial. Cremos que utilizar un único modelo de agrupamento, con independencia da diversidade de características do conxunto de alumnos/as e das actividades de ensinanza e aprendizaxe, limita o potencial enriquecedor do proceso educativo.

A diversidade de agrupamentos ao longo deste proceso cumpre dous obxectivos:

- Proporciona unha mellor explotación das actividades escolares.
- Constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos nosos alumnos/as.

A selección dos diversos tipos de agrupamento que se van articular atende aos seguintes principios:

- Parte do modelo educativo do centro.
- Responde ás posibilidades e aos recursos materiais e humanos do centro.
- É suficientemente flexible para realizar adecuacións puntuais en certas actividades.
- Baséase na observación real dos nosos alumnos/as e na predición das súas necesidades.
- Mantén unha estreita relación coa natureza disciplinar da actividade ou área.

Os criterios de distribución do alumnado por aulas obedecen a unha análise sistemática, que recolle aspectos de debate tan importantes como o punto de partida dos alumnos/as ao chegar ao inicio do ciclo e de cada curso, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade.

CRITERIOS DE AGRUPAMENTO:

- Idade cronolóxica.
- Nivel de instrución.
- Ritmo de aprendizaxe.
- Intereses.
- Motivación.
- Natureza da área ou da actividade.
- Os grupos de alumnos/as en cada grupo de nivel repartiranse por orde alfabética igualando o número a ser posible.
- Os alumnos/as que cheguen novos e que procedan xa doutro centro, incluíranse por orde alfabética no grupo correspondente a non ser que por razón de número sexa necesario facelo no outro.
- A inclusión de repetidores no grupo correspondente será organizado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica oído previamente o titor/a e os mestres/as de nivel no que estaban escolarizados ditos alumnos/as. Moi excepcionalmente e por razóns pedagóxicas, pode cambiarse, ao principio de curso, a outro grupo do seu nivel se a Comisión de Coordinación Pedagóxica considerase que esta medida conleva a un maior aproveitamento escolar de dito alumno/a.

TIPOS DE AGRUPAMENTO:

- Gran grupo.

- Pequeno grupo.
- Grupos de traballo.
- Obradoiros.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

A distribución de espazos fórmase a partir dos seguintes obxectivos:

- Incrementar as posibilidades de interacción grupal.
- Potenciar na actividade escolar un grao de autonomía suficiente.
- Permitir o aproveitamento de espazos alleos á propia aula.

O ESPAZO DA AULA

O primeiro bloque de decisións contempla a adscrición do espazo de aula ben ao grupo, ben á área impartida. Esta decisión tamén implica a elección dos materiais integrantes do espazo fundamental de traballo e a súa relación cos agrupamentos flexibles, e a aplicación de dinámicas de grupo adecuadas a cada contexto e situación de aprendizaxe (recunchos de aprendizaxe, comisións de traballo, grupos de actividade, quendas de roda...).

Ademais, considérase o problema da disposición das mesas, o lugar ocupado polo profesor/a na aula e a relación kinésica da aula. As decisións atenden á existencia de diferentes espazos con ritmos distintos de participación, cunha zona de acción e unha zona marxinal (zona anterior, zona posterior e zonas laterais, respectivamente) e a necesidade de activalas.

En síntese, algúns dos aspectos que hai que ter en conta no modelo de aula son os seguintes:

- Aula-grupo / aula-área.
- Materiais integrantes da aula.
- Disposición da aula.
- Recursos para a mobilización.
- Relación espacial profesor/a-alumnado.
- Condicións xerais (iluminación, estado etc.)

OS ESPAZOS DE USO ESPECÍFICO

O segundo ámbito de decisións referentes á distribución de espazos refírese a aqueles que teñen un uso específico no centro, e que en definitiva son de uso común por parte de todos os alumnos/as.

Algúns destes espazos son os seguintes:

- Biblioteca.
- Sala de informática.
- Sala de usos múltiples.
- Pavillón.

ORGANIZACIÓN DO TEMPO

A organización do tempo contéplase desde dúas perspectivas claramente diferenciadas: a confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporización, e a elaboración dun horario de actividade docente, no que se presentan as restantes actividades organizativas do centro. En consecuencia, teremos en conta as seguintes variables:

ÁREAS:

- Coñecemento do medio.
- Educación artística.
- Educación física.
- Lingua galega e Literatura.
- Lingua castelá e Literatura.
- Lingua estranxeira.
- Matemáticas.
- Relixión e Moral Católica / alternativa.

CADRO DE DISTRIBUCIÓN HORARIA		
	2º CICLO	
	1º CURSO	2º CURSO
Lingua castelá e literatura	4	4
Lingua galega e literatura	4	4
Lingua estranxeira	3	3
Educación artística	2	2
Educación física	2	2
Matemáticas	4	4
Coñecemento do medio natural, social e cultural	5	4
Relixión	1	2
TOTAIS	25	25

ACTIVIDADE DOCENTE:

- Coordinación de equipos.

- Coordinación de niveis.
- Coordinación de grupos.
- Atención a pais/nais.
- Acción tutorial.
- Clases de reforzo.

MATERIAIS E RECURSOS

Establécense os seguintes criterios xerais:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no *Proxecto Educativo de Centro*.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, a diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e a amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección e que están plasmadas na seguinte guía de valoración de materiais curriculares.

INDICADORES:

1. Encádrase con coherencia no *Proxecto Educativo de Centro*.
2. Cubre os obxectivos do currículo.
3. O número de unidades organiza adecuadamente o curso.
4. Os obxectivos están claramente explicitados.
5. Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos.
6. A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos/as.
7. A progresión é adecuada.
8. Contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas.
9. Parte dos coñecementos previos dos alumnos/as.
10. Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
11. Esperta a motivación cara ao estudio e á aprendizaxe.
12. Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
13. Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
14. A cantidade de actividades é suficiente.
15. Permiten a atención á diversidade.
16. As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
17. As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
18. A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.

19. Facilita a memorización comprensiva mediante unha adecuada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
20. A linguaxe está adaptada ao nivel.
21. As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ao texto.
22. Recórrase suficientemente á información gráfica mediante esquemas, táboas, gráficos, mapas etc.
23. A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
24. O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno/a.
25. Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

A AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as; análise do proceso de ensinanza e da práctica docente; e análise das programacións de aula.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS/AS

A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:

- Continua e global, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno/a no conxunto das áreas do currículo. Contéplanse tres modalidades:
 - *Avaliación inicial.* Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno/a, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
 - *Avaliación formativa.* Concédelle importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e dos progresos de cada caso.
 - *Avaliación sumativa.* Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.
- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno/a e na súa situación inicial e particularidades.
- Integradora, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno/a, non só os de carácter cognitivo.
- Orientadora, dado que lle proporciona ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Procedementos e instrumentos usados para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- **Observación sistemática:**
 - Escala de observación.
 - Rexistro anecdótico persoal.

- **Análise das producións dos alumnos/as:**
 - Monografías.
 - Resumos.
 - Traballos de aplicación e síntese.
 - Caderno de clase.
 - Textos escritos.
 - Producións orais.

- **Intercambios orais cos alumnos/as:**
 - Diálogo.
 - Entrevista.
 - Postas en común.
 - Asambleas.

- **Probas específicas:**
 - Obxectivas.
 - Abertas.
 - Exposición dun tema.
 - Resolución de exercicios.

- **Autoavaliación.**
- **Coavaliación.**

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE

Os aspectos a ter en conta son os seguintes:

- a) Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.
- b) Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- c) Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais/nais. Relación entre os alumnos/as, e entre os alumnos/as e os profesores/as.

Procedementos e instrumentos usados para avaliar o proceso de ensinanza:

- **Cuestionarios:**
 - Aos alumnos/as.
 - Aos pais/nais.

- **Intercambios orais:**
 - Entrevista con alumnos/as.
 - Debates.
 - Entrevistas con pais/nais.
 - Reunións con pais/nais.
- **Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as.**

AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DE AULA

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse os seguintes indicadores:

- **Desenvolvemento na clase da programación.**
- **Relación entre obxectivos e contidos.**
- **Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.**
- **Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.**

Segundo a Orde do 23 de novembro de 2007 (DGA do 30 de novembro de 2007) pola que se regula a avaliación na Educación Primaria, seguirase o seguinte procedemento:

1.- Realizaranse 3 sesións de avaliación, coordinadas polo titor/a do grupo coa participación do profesorado que imparte docencia no mesmo. A ser posible asistirá o Xefe/a de Estudos e o Orientador/a. Nestas sesións valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno/a, o grao de desenvolvemento das competencias básicas, e, se é o caso, as medidas adoptadas, ou que se deben adoptar, para que cada alumno/a poida acadar os progresos nas súas aprendizaxes de acordo ás súas posibilidades.

Os resultados da avaliación do alumnado expresaranse nos termos seguintes:

INSUFICIENTE	(IN)
SUFICIENTE	(SU)
BEN	(BE)
NOTABLE	(NT)
SOBRESALIENTE	(SB)

2.- Ao comezo de cada ciclo e durante o primeiro mes do curso escolar, o titor/a realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado. Esta avaliación reflectirase no informe de avaliación inicial do Programa XADE.

Para cumprimentar este informe, o titor/a recollerá información dos informes existentes da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado. Completará a información, se o considera necesario, coa colaboración da Xefatura de Estudos e do Orientador/a.

Se o titor/a o considera necesario, para esta avaliación inicial, manterá unha entrevista coa familia do alumno/a, ou recollerá aquelas aportacións familiares que poidan incidir no desenvolvemento escolar do alumno/a.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións do desenvolvemento das programacións de aula. Tamén servirá, coordinando coa Xefatura de Estudos e Orientación, para acordar as medidas educativas que sexan necesarias.

O titor/a reflectirá nunha acta, no libro de actas correspondente ao seu grupo, o desenvolvemento das sesións de avaliación, as calificacións nas distintas áreas, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e as decisións e acordos acadados, tanto referidas ao grupo como a cada alumno/a.

O titor/a cumprimentará unha acta, polo Programa XADE, para cada avaliación.

3.- Ao remate de cada un dos ciclos o titor/a elaborará un informe no Programa XADE que recollerá os aspectos máis relevantes sobre o proceso de aprendizaxe durante o ciclo e aquelas medidas de reforzo ou adaptacións curriculares se foi preciso adoptalas.

O titor/a recollerá información do proceso de aprendizaxe ao longo de todo o ciclo e logo reflectirá o máis relevante no informe final de ciclo.

4.- INFORME DE AVALIACIÓN FINAL DE ETAPA.

- Ao finalizar a Educación Primaria, o titor/a de cada grupo de 2º nivel de 3º ciclo, elaborará (no Programa XADE) un informe individualizado do seu alumnado tendo en conta os informes dos ciclos anteriores, o grao de aprendizaxe acadado ao remate da etapa referido a obxectivos e a competencias básicas e a aqueles aspectos que se consideren relevantes para a continuidade do seu proceso de formación.
- Este informe de final de etapa xuntarase ao historial académico de Educación Primaria e enviarase ao IES. Antón Losada Diéguez, centro ao que estamos adscritos.

5.- CAMBIO DE CENTRO.

Cando un alumno/a, se traslade dun centro a outro, o centro de orixe remitirá ao centro de destino, despois de solicitalo este, o historial académico de Educación Primaria. Se o cambio se produce ao remate do ciclo, o historial académico irá acompañado do Informe de Avaliación Final de ciclo. Se o cambio se produce ao rematar o ciclo, xuntarase un Informe Persoal por traslado (segundo o modelo do Programa XADE).

O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico.

6.- DOCUMENTOS OFICIAIS DE AVALIACIÓN.

Os documentos oficiais de avaliación na Educación Primaria son os seguintes:

- Actas de avaliación.
- Expediente académico (permanecerá no centro).
- Historial académico de Educación Primaria.
- Informe Persoal por traslado (se é necesario).

7.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN PRIMARIA.

Os alumnos/as pasarán de ciclo ao ter aprobado todas as áreas correspondentes ao 2º curso de ciclo.

Excepcionalmente, e se o titor/a e o equipo docente o considera, poderán acceder ao ciclo seguinte cando non acaden a totalidade dos obxectivos e competencias básicas nunha ou dúas áreas, sempre que se valore que isto non será obstáculo para poder seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, o centro adoptará as medidas precisas para que o alumno/a reciba os apoios necesarios para a recuperación de ditas aprendizaxes.

O alumnado que non cumpra as condicións anteriores permanecerán un ano máis no ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa primaria.

O alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa primaria segundo o artigo 16.6 do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo de educación primaria.

8.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN A EDUCACIÓN SECUNDARIA.

O alumnado promocionará á etapa de educación secundaria obrigatoria se alcanza a avaliación positiva correspondente aos obxectivos e competencias básicas de educación primaria.

Excepcionalmente, se o titor/a e o equipo docente de 6º de educación primaria o considera, un alumno/a pode promocionar aínda que non acaden avaliación positiva nunha ou dúas áreas, sempre que se valore que non é obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa de educación secundaria.

No informe final de etapa o titor/a expresará aqueles obxectivos de ditas áreas que non foron acadados para que o IES poida establecer as medidas necesarias de reforzo.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Un dos principios fundamentais a ter en conta tanto na metodoloxía en xeral, como na práctica diaria de aula é o de atención á diversidade do alumnado.

A Lei Orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio inclúe entre un dos seus principios básicos o de: "proporcionar a calidade de educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias".

É obxectivo final da educación que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais para o que necesitan recibir unha educación adaptada ás súas necesidades.

A atención a diversidade é un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

As medidas educativas que haxa que tomar en base o anteriormente dito implica a todos os compoñentes da comunidade educativa, que realizarán as propostas curriculares e/ou organizativas que contemplan a pluralidade de todos e cada un dos alumnos/as.

Contemplanse para todo o alumnado a atención a súa diversidade, pero máis aínda, necesitaran esta atención aqueles alumnos/as que polas súas características derivadas dalguna discapacidade, trastorno grave de conduta, altas capacidades e / ou incorporación tardía ao noso sistema educativo requira determinados apoios e atencións educativas específicas.

No artigo 2º da Orde do 27 de decembro de 2001, defínense as necesidades educativas especiais como: "No marco da presente Orde entenderase por necesidades educativas especiais as de tipo temporal ou permanente que estean asociadas á historia persoal e escolar ou debidas tanto a condicións de sobredotación intelectual como calquera discapacidade ou a situacións sociais ou culturais desfavorecidas, que pola súa especificidade supoñan diferencias significativas no acceso ordinario ao currículo e, polo tanto, requiran de apoios e atencións educativas específicas".

VIAS DE ACTUACIÓN TENDO COMO REFERENCIA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Co obxecto de desenvolver as programacións en aula que se axusten á realidade dos nosos alumnos/as realizarase una valoración inicial das súas características e peculiaridades, seguindo os seguintes parámetros:

- Rendemento do alumno/a no curso ou ciclo anterior.
- Personalidade.
- Afeccións e intereses.
- Aspectos e circunstancias familiares que poidan incidir directamente no ámbito persoal e formativo.
- Problemas de saúde.
- Discapacidades psíquicas, físicas ou sensoriales.

A información obtérase de:

- Informes de titores/as anteriores.
- Datos que poida aportar a xefatura de estudos.
- Datos que poida aportar a orientadora e especialistas de educación especial (A.L., P.T.)
- Entrevistas coa familia.
- Informes médicos.
- Informes de equipos multidisciplinares externos.

Unha vez recabados os datos faranse ao longo de cada curso aquelas adaptacións curriculares necesarias para atender as diferenzas individuais.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

A) ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS

Este tipo de adaptación non afecta aos aspectos prescriptivos do currículo de referencia e será desenvolto xeralmente na propia aula.

Este tipo de adaptación poderá contemplar:

- **CONTIDOS**
Nos contidos de referencia establecerase unha diferenciación de aqueles básicos e que deben ser aprendidos por todos para poder alcanzar os obxectivos previstos no ciclo. Outra serie de contidos poderán ser traballados ou non en función das diferentes posibilidades de cada alumno/a.
- **ACTIVIDADES**
As actividades de aula organizaranse, sobre todo, atendendo a 3 categorías: ordinarias, de reforzo e de ampliación ou de maior complexidade.
- **METODOLOXÍA**
O método de ensinanza que usemos será o recollido no P.C.C. respondendo ás necesidades de aprendizaxe que demanden os alumnos/as.
Neste aspecto terásese en conta á hora de plantexar unha aprendizaxe o seguinte:

- Distintos graos de coñecemento previos nos alumnos/as.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade.
- A identificación de dificultades en procesos de aprendizaxes anteriores.

- **MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS**

O uso e a utilización de materiais e recursos didácticos variados permite axustar o proceso de esinanza-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos/as, así como facilitar:

- Unha motivación axeitada .
 - Consolidar e interiorizar aprendizaxes.
 - Profundizar en temas de especial relevancia.
 - Practicar habilidades instrumentais propias de cada área.
- **AGRUPAMENTOS FLEXIBLES E RITMOS DIFERENTES.**

Dado que non todos os alumnos/as acadan os coñecementos a un mesmo tempo faise necesario contemplar na aula, en momentos diversos, a organización de alumnos/as en pequenos grupos dentro do seu grupo básico que permite que:

- Os grupos pequenos de alumnos/as poidan estar desenvolvendo diferentes tarefas.
- Realizar actividades de reforzo e profundización.
- Adaptarse, cando sexa necesario, aos diferentes ritmos do alumnado.

B) ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS.

No caso de que un alumno/a presente dificultades, ben sexa por discapacidade, psíquica, sensorial, física ou por historial educativo ou social carencial, para poder seguir con aproveitamento o currículo correspondente a súa idade, valorarase a posibilidade da realización dunha A.C.S.

Nunha A.C.S. plantexaranse obxectivos, contidos, competencias básicas e criterios de avaliación tomando como referencia os do ciclo que lle permita ao alumno/a desenvolver aprendizaxes de acordo coas súas posibilidades, tendo en conta ás súas aprendizaxes previas.

A A.C.S. levarase a cabo na propia aula, usando os materiais e recursos que correspondan. O titor/a ha ser o responsable de deseñar e desenvolver a programación plantexada para o alumno/a que necesite traballar con A.C.S. (Orde de 6 de outubro de 1995, DGA 7-11-95;artigo 6º).

Se fose necesario facer una A.C.S. nunha área que non sexa impartida polo titor/a, o profesor/a especialista elaborará a A.C.S. que necesite o alumno/a para logo tela como referencia de traballo.

Unha A.C.S. terá unha duración de dous cursos.

Cando se considere necesaria tomar como medida educativa traballar cun alumno/a con A.C.S. colaborarán co tior/a para a súa elaboración e desenvolvemento o orientador/a , o xefe/a de estudos e as profesores/as especialistas en P.T. e A. L.

B.1 ELABORACIÓN

O profesor/a titor/a e o equipo docente que imparte no grupo do alumno/a que poida ser obxecto dunha A.C.S., partindo do seu nivel de competencia, valorará as necesidades educativas nas áreas que consideren.

O profesor/a titor/a cumprimentará unha solicitude para que o orientador/a realice unha valoración das necesidades educativas e de selo caso fará unha avaliación psicopedagóxica para poder elaborar o informe psicopedagógico, que é necesario aportar como documento para a solicitude dunha A.C.S. á Inspección Educativa. Neste informe psicopedagógico consignaranse os datos sinalados no artigo 7º da Orde do 6 de outubro de 1995.

Faranse reunións entre do titor/a, profesores/as de área implicados, orientador/a , xefe/a de estudos e profesores/as especialistas en P.T.e A.L. para deseñar tanto a programación necesaria como as medidas educativas que se vaian adoptar.

B.2 SOLICITUDE

Unha vez elaborado o documento de A.C.S. polo titor/a e os mestres/as que impartan áreas con necesidade de adaptación, así como o informe psicopedagógico por parte do orientador/a, a dirección do centro enviará a solicitude á Inspección Educativa .

A Inspección Educativa enviará ao Centro a resposta á solicitude aceptando ou denegando.

B.3.AVALIACIÓN

A avaliación dun alumno/a con A.C.S. farase tendo como referencia a súa adaptación, reflexando na acta A.C.S. e tamén no boletín informativo da familia.

Nos documentos oficiais, expediente académico e historial académico de educación primaria tamén se reflexará a A.C.S.

RECURSOS HUMANOS DO CENTRO

Este centro conta con persoal especializado para colaborar coa comunidade educativa para a atención á diversidade do alumnado e para así poder dar unha mellor resposta ás necesidades e diferenzas plantexadas.

No centro hai orientador/a, profesor/a especialista en P.T., profesor/a especialista en A.L. e dous mestres/as de apoio á Educación Infantil.

ORGANIZACIÓN

A principio de cada curso valorarase, en coordinación co orientador/a e o xefe/a de estudos, a conveniencia de continuidade de atención educativa, por parte dos profesores/as de apoio e dos/as especialistas en educación especial, de aqueles alumnos/as que xa están sendo atendidos no curso anterior.

As atencións educativas dentro ou fóra de aula así como os tempos adicados por parte do profesorado nomeado no punto anterior serán organizados polo orientador/a tendo en conta as diferentes prioridades e natureza da necesidade.

As prioridades de atención son as reflexadas no apartado de temporalización do Plan Xeral Anual do Departamento de Orientación.

Os tempos de atención de cada un dos alumnos/as vai estar condicionado polos horarios que xa teñan os profesores/as de apoio, P.T. e A.L., polo horario de aula ordinaria do propio alumno/a e polas diferentes necesidades educativas que se presenten cada curso e en diferentes momentos do curso.

O orientador/a terá reunións frecuentes co xefe/aa de estudos para poder coordinar horarios e á súa vez mantela informada das medidas educativas que se consideren necesarias xustificando dita necesidade.

Para que un alumno/a sexa apoiado polos profesionais especialistas e de apoio seguirase o seguinte proceso:

- Solicitud ao orientador/a para que valore as necesidades educativas do alumno/a.
- O orientador/a tendo en conta xa os horarios de traballo dos profesores/as de P.T., A.L. e de apoio plantexará as medidas que considere procedentes coordinando

coa xefatura de estudos e cos profesionais que vaian estar implicados nesas atencións educativas.

- Unha vez que se estableza o tipo de atención que o alumno/a necesita, elaborárase un plan de traballo conxunto do profesorado que vai traballar co mesmo alumno/a, partindo das propostas e orientacións do orientador/a.
- As medidas de atención plantexadas revisaranse alomenos en cada unha das avaliacións. Será importante manter coordinacións frecuentes entre os profesionais que estean desenvolvendo programas de traballo cun mesmo alumno/a e variar as medidas adoptadas se se observa, por parte de calquera dos docentes, que as medidas non están resultando eficaces.
- Cando se considere que as medidas de atención educativa plantexadas xa non son necesarias informarase ao orientador/a e o xefe/a de estudos desta situación.
- Sempre que un alumno/a necesita recibir apoio fóra da aula ou vaia deixar de asistir, informaráselle á familia, ben por parte do orientador/a ou do titor/a.
- A principio de cada curso valorárase, en coordinación co orientador/a e o xefe/a de estudos, a conveniencia de continuidade de atención educativa, por parte dos profesores/as de apoio, P.T. e A.L. de aqueles alumnos/as que xa están sendo atendidos no curso anterior.
- Os tempos de atención de cada un dos alumnos/as vai estar condicionado polos horarios que xa teñan os profesores/as de apoio, P.T. e A.L., polo horario do propio alumno/a e polas diferentes necesidades educativas que se presenten cada curso e en diferentes momentos de cada curso.

FLEXIBILIZACIÓN

A duración do período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais poderase aumentar excepcionalmente nun ano tanto en educación infantil como en educación primaria.

LEXISLACIÓN VIXENTE RELACIONADA COA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- LOE: Título II. Capítulo I. Artigos 71-8.
- Orde do 27-12-02 (DOG 30-1-03).
- Orde do 6 -11-95 (DOG 7-11-95).
- Decreto 130/2007, de 28 de xuño (DOG 9-07-07).

PLAN DE LECTURA NO CURRÍCULO DA ETAPA PRIMARIA

• **Fundamentación:**

Partimos por un lado da situación arredor da lectura no noso centro e por outra banda temos en conta lexislación vixente sobre o tema.

- **Situación no centro.**

- ✓ Necesidade de artellar as actuacións que xa se levan a cabo no centro en relación coa lectura e a escritura.
- ✓ Mellorar e ampliar a competencia lectora dos/as alumnos/as.
- ✓ Maior aproveitamento dos recursos que nos brinda a biblioteca escolar para facer lectores autónomos e críticos.

- **Lexislación.**

- Artigos 19.2/24.7/25.5. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.
- Artigo 10.3. A fin de fomentar o hábito de lectura dedicarase un tempo diario á mesma.
- LOE: Novos currículos da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - Decreto 130/2007, do 28 de xuño: establece o currículo de educación primaria en Galicia. Inclúe unha serie de competencias básicas que o alumnado debe adquirir de forma progresiva. Nel aparece o uso dos recursos da biblioteca escolar como un factor importante para o logro da competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, a competencia no tratamento da información e a competencia cultural e artística; sendo tamén un recurso útil para a adquisición das restantes competencias básicas.
 - Anexo IV: Proxecto lector do centro: Recollerá todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e escritura e a adquisición das competencias básicas. Será a referencia para a elaboración do plan anual de lectura.
 - Artigo 6º.4. Os centros asegurarán como mínimo media hora diaria á práctica lectora.

- **Obxectivos.**

- Fomentar o hábito da lectura.
- Desenvolver a competencia lectora (comprensión lectora).
- Favorecer e potenciar o uso da B.E e de aula no traballo diario.
- Estimular a autoestima e coñecer os gustos e preferencias dos alumnos/as.
- Educar no uso crítico da información.
- Favorecer o uso das TICs.

- **Organización de espazos e tempos.**

- Cada grupo disporá dunha hora fixa semanal para emprego da biblioteca para os fins que o titor/a considere oportunos. Neste tempo efectuarase tamén o préstamo.

- Calquera mestre/a pode solicitar o uso da biblioteca cando non é utilizada por outros grupos.
 - LEMOS: 20', todo o centro, despois do recreo, unha vez á semana.
 - Aula de informática: para aqueles traballos que precisan de soporte informático ou da pantalla dixital. Cada mestre/a solicítalo cando o precisa.
 - Na aula: alomenos media hora adicada á lectura con diferentes fins e dende calquera área.
 - Biblioteca no recreo para quen a queira empregar.
 - Salón multiusos: actividades para grupos grandes (teatro, contacontos, etc.) o tempo que se precise.
- **Dinamización da biblioteca escolar.**
 - Funciona como centro de recursos. Nela atópase todo o material informático que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, vídeos, discos CD-ROM, mapas, materiais de elaboración propia,...).
 - Organiza encontros con autores ou ilustradores: Con anterioridade á visita, lese un libro e realízanse diversos traballos sobre o mesmo.
 - Sesións de contacontos: Polo xeral con grupos de menos de 50 alumnos/as.
 - Boletín da biblioteca: dous ó ano: Nadal e xuño. Van dirixidos as familias falando da importancia da lectura e suxeríndolles títulos recomendados por ciclos.
 - Xestión: compra, expurgo, informatización, etc.
 - Préstamo (automatizado) para un período máximo de 15 días.
 - Maletas viaxeiras: alumnos/as de Edc.. Infantil.
 - Mochilas viaxeiras: 1º e 2º ciclo de E.P.
 - Conmemoracións arredor dun tema: Nadal, entroido, agosto. A biblioteca facilítalles aos diferentes cursos os materiais que solicitan para informarse sobre os temas tratados. O entroido tentamos que teña relación co proxecto documental que se desenvolva.
 - Datas concretas: día da biblioteca, día do libro, Letras Galegas, etc. Exposicións de libros en torno a un autor/a ou tema, lecturas duns alumnos/as a outros, recitacións, exposicións das súas producións literarias ou plásticas.
 - Guías de lectura arredor dun tema concreto.

- Apoio ó proxecto documental que se desenvolve en todo o centro. No vindeiro curso "a vestimenta". Tamén outros proxectos que se desenvolvan nun ciclo, curso ou grupo.
 - Edición de materiais para formación de usuarios, formación documental e tamén dos libros creados polos alumnos/as.
 - Préstamo ás aulas ou titorías do material que precisen durante o tempo necesario.
- **Rutinas de lectura.**
 - **Na aula:**
 - **TODOS A LER:** Unha vez á semana despois do recreo durante 20'. É un mestre/a o que le en voz alta para os alumnos/as. Poden ler calquera tipo de texto. Non se pide nada a cambio. Só se alguén quere contar ou sinalar algo pódoo facer. Faino todo o centro ao mesmo tempo.
 - **LECTURA SILENCIOSA:** Farase de xeito individual sobre temas de ficción ou informativos.
 - **LECTURA COLECTIVA:** Todos len o mesmo texto. En algúns cursos faise todos os días noutros só unha ou dúas horas á semana. Implica traballo co texto antes, durante e despois da lectura.
 - **Na Biblioteca:**
 - **HORA DE BIBLIOTECA:** Todos os cursos teñen unha hora semanal na que poden facer uso da biblioteca. Nese tempo:
 - ✓ Préstamo: É voluntario e cada neno/a elixe o material que desexa levar.
 - ✓ Búsqueda de información sobre un tema concreto.
 - ✓ Lectura libre: Cadaquén colle o libro que prefira e le individualmente.
 - ✓ Presentación de novidades: Colocados nun expositor, o mestre fai a presentación dunha das obras. Logo os alumnos/as poden manipular o texto para coñecelo.
 - **Outros:**
 - **CONTACONTOS:** Organizados por ciclos ou idades para animar a ler.
 - **ENCUNTROS CON AUTORES/AS:** Trabállase sobre un libro elixido do autor/a ou sobre a súa obra. Prepárase a actividade cos alumnos/as para que o achegamento ao autor/a resulte máis cercano e proveitoso para os nenos/as.

- COA FAMILIA: maletas viaxeiras, mochilas viaxeiras.
- Recursos humanos.
 - OS MESTRES/AS: Todo o profesorado participa nas diferentes actividades programadas arredor da lectura.
 - O EQUIPO DA BIBLIOTECA: Organiza, deseña e apoia o desenvolvemento de actividades en col da lectura.
- Itinerarios lectores.

ETAPA / NIVEL	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
	Co dedo no nariz	Daniela Kulot	Kalandraka
<u>2º CICLO</u> <u>EDUCACIÓN</u> <u>PRIMARIA</u>	Teatro feroz	Gloria Sánchez	Galaxia
	Os sonhos na gaiola	Manuel María	Ed. Xerais
	Ota quere voar	Anxela Fernández Loureiro	Ed. Xerais
	O estanque dos parrulos pobres	Fina Casalderrey	Edebé
	Mi hermana Clara y la bicicleta	Dimiter Inkiow	Everest
	Cipi	Mario Lodi	Alfaguara
	Susi y Paul (cuatro títulos)	Christine Nöstlinger	SM
	La conferencia de los animales	Erich Kästner	Alfaguara
	El superzorro	Rodald Dalh	Alfaguara
	La tabla de multiplicar en verso	Gloria Fuertes	Susaeta
	A selva dos números	Ricardo Gómez	Alfaguara
	La cabaña en el árbol	Gillian Cross	Alfaguara

	Todo Mortadelo y Filemón	F. Ibañez	Ediciones B
	Un saquiño de contos	Varios	Ed. Xerais
	Don merlo con chaqueta	Helena Villar Janeiro	Ed. Xerais

- Itinerarios lectores. Lingua inglesa.

ETAPA	NIVEL	TÍTULO
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	3º curso	At the zoo
		Goldilocks and the three bears
	4º curso	The very hungry caterpillar
		The three little pigs

- Actividades programadas e temporizadas.

Actividades	Periodicidade	Materiais
Contacontos	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Encontros con autores/as	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Presentación de novidades	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar
Lectura compartida	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar e persoais
Exposicións temáticas	Puntuais	Fondos da biblioteca escolar e outros
Visita guiada á biblioteca	Puntual	Fondos da biblioteca escolar
Visita a outras bibliotecas	Puntual	Fondos dotras bibliotecas
Celebracións (día do libro, da paz, letras galegas...)	Puntuais	Fondos da biblioteca, editoriais, outros, etc...
Todos a ler (le un adulto en voz alta)	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar e persoais

Lectura silenciosa e individual	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar,persoais , maletas viaxeiras , exposicións, internet
Seleccionar títulos para a biblioteca	Sistemática	Catálogos de editoriais, outros
Elaborar murais	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Búsqueda de información en libros informativos (enciclopedias, periódicos...)	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, outros, internet
Traballos sobre un tema	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Ler para comprender	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, persoais e outros
Posta en escena (teatro,poesía...)	Puntual	Fondos da biblioteca escolar, persoais e outros
Identificar partes dun libro e coñecer a información que aporta cada unha	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar
Acceder aos fondos usando un marcador (carola)	Sistemática	Marcadores persoais e fondos da biblioteca escolar
Buscar fondos que ofrezan información sobre un tema	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros
Usar a opac meiga	Sistemática	Internet e fondos da biblioteca
Buscar e colocar libros (cdu, materia, autor,título)	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar
Conferencias sobre un tema	Puntual	Fondos da biblioteca e outros
Lectura de imaxes	Sistemáticas	Pantalla dixital, fondos da biblioteca e outros

- **Ler en familia.**

Sendo as familias un soporte para a adquisición, desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas apoian o proceso de lectoescritura con:

- ✓ **MALETAS VIAXEIRAS:** En Educación Infantil (libros de diferentes xéneros e tipoloxía, caderno para anotacións , etc.).

- ✓ MOCHILAS VIAXEIRAS: 1º e 2º ciclo de Educación Primaria (un libro de contos, un cómic ,un libro de poesía, unha película, un CD (música) e un caderno de anotacións).
 - ✓ GUÍAS DE LECTURA : No Nadal e en verán.
 - ✓ EXPOSICIÓN: Aportando materiais e visitándoa logo.
 - ✓ PARTICIPACIÓN EN LECTURAS CO ALUMNADO: Relatan algo relacionado con eles: a súa vida, o seu traballo , o lugar onde viven ou viviron, etc.
 - ✓ PREPARACIÓN E ASISTENCIA A ACTIVIDADES PUNTUAIS: o Nadal, o entroido, representacións teatrais, etc.
- **Seguimento e avaliación.**
 - Observación do desenvolvemento do propio plan:
 - Biblioteca.
 - Profesorado.
 - Alumnos/as.
 - Cuestionarios sobre algún aspecto concreto.
 - Diarios de lectura (moi sinxelos, voluntarios, anotan o que lles gustou ou o que non, o que lles chamou a atención, etc...).

A EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados, estudados dentro de Lingua, Coñecemento do medio etc. A aprendizaxe significativa, que se establece sempre desde a realidade inmediata do alumno/a, propicia ademais esta forma de abordar os valores, dado que a mesma situación contextual que introduce os coñecementos dunha área serve de base para estes contidos. Ademais, a metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e a forma de actuar na aula.

Entre os valores que teñen unha presenza máis relevante no currículo de educación primaria son os seguintes:

- **Educación moral e cívica.**
Preséntanse contextos nos que os alumnos e as alumnas se ven obrigados a xulgar e a xerarquizar valores. En todas as actividades colectivas maniféstase unha valoración positiva da participación, o intercambio de puntos de vista, o respecto polas opinións e as regras etc.

- **Educación para a paz.**

O obxectivo é que o neno/a comprenda que a construción da paz é unha tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos cotiáns, moitas veces o odio entre os pobos é froito do descoñecemento e da falta de comunicación, e a mellor maneira de superar estes problemas é o diálogo.

As diferenzas culturais entre os distintos pobos son un rico patrimonio que hai que coñecer para valorar a todas as persoas por igual. O neno/a debe acercarse ao coñecemento doutras realidades, coa finalidade de respectar os costumes e as formas de vida que alí se manifestan.

- **Educación para a saúde.**

O coñecemento do propio corpo é a base para introducir algúns conceptos básicos de saúde e de hixiene que deben traducirse en hábitos e manterse durante toda a vida da persoa.

- **Educación sexual.**

Preséntase como esixencia natural da formación integral da persoa. O obxectivo é coñecer os cambios corporais que aparecen co crecemento e que diferencian fisicamente os dous sexos.

- **Educación ambiental.**

As grandes cuestións da educación ambiental céntranse no descubrimento do contorno e no desenvolvemento dunha actitude favorable á protección e á conservación do medio inmediato.

- **Educación viaria.**

O obxectivo é capacitar o neno/a na súa faceta de peón autónomo e posible condutor de bicicletas. Para iso serven como eixes de globalización as unidades referidas ao medio social: a rúa, a cidade, as vilas... Establécense coñecementos acerca dos elementos e os signos viarios, e foméntanse outros de tipo condutual que lle permiten a adquisición de hábitos precisos para desenvolverse en situacións concretas. Ademais aténdese ao coñecemento das redes e das infraestruturas de transporte, facendo partícipe ao neno/a das pautas de actuación no uso de calquera dos medios de transporte, privados ou colectivos.

Na nosa realidade escolar este contido transversal é moi importante dado que a gran maioría dos alumnos/as utiliza o transporte escolar.

- **Educación do consumidor.**

A educación para o consumo responsable comeza con reflexións sobre as actitudes dos nenos e das nenas, que deben empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesitan (a roupa, a comida, o transporte etc.) e aquilo do que poden prescindir facilmente. O aproveitamento de elementos que se consideran de refugallo proporciona experiencias que desenvolven nos nenos e nas nenas os hábitos adecuados de utilización dos recursos que teñen ao seu alcance.

- **Educación non-sexista.**

Preséntase a muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola coma no do traballo e noutros contextos cotiáns. Por outra parte, utilízase unha linguaxe coeducativa.

A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E A FUNCIÓN TITORIAL

FORMULACIÓN XERAL

De forma xeral, a orientación educativa ten esta serie de características:

- Orientación como proceso dinámico integrado na actividade educativa, presente en todas as actividades do centro. O profesor/a non pode prescindir das características psicolóxicas, familiares e sociais do alumno/a, dos seus intereses, necesidades, da relación que establece cos seus alumnos/as...
- Organizada en forma sistemática ao longo do sistema educativo. Iníciase ao principio do proceso escolar e non se interrompe ata terminar o neno/a a súa formación.
- Como obxectivo último está a orientación do alumno/a. Os orientadores/as son os profesionais máis adecuados para coñecer a visión personalizadora do alumno/a en canto a gustos e inquietudes.
- Para o bo funcionamento da orientación debe haber unha fluída relación entre os profesores/as do curso, o titor/a e o Departamento de Orientación do centro.

O conxunto de actividades, intervencións e programas que comprende a orientación agrúpase en tres eixos ou funcións básicas:

A acción orientadora.

Comprende a actividade incluída no proceso educativo e na que interveñen, xa que logo, todos os educadores/as do centro. Os tres momentos de intervención son: ao comezo da etapa educativa, ao final da etapa e ao longo do proceso educativo. Ten un carácter fundamentalmente preventivo.

A acción de apoio.

Comprende a actividade realizada polos profesores/as especialistas en problemas de aprendizaxe, e polos logopedas, dirixida a algúns alumnos/as de forma directa e a través do titor/a ou profesor/a. Pódese concretar en actividades de recuperación ou de reeducación das aprendizaxes dalgúns alumnos/as; na preparación de materiais ou instrumentos para as actividades de ensino; e na colaboración no proceso de avaliación a través de técnicas especializadas, así como nas adaptacións curriculares dos alumnos/as. Ten un carácter compensador.

A acción de asesoramento.

Comprende a actividade realizada polo orientador/a e, ás veces, por outros especialistas cos órganos colexiados do centro, o profesorado e as familias. Esta actividade pode estar fixada no seu traballo habitual ou ben cando se lle solicita. Ademais, nesta área intégrase o programa de tutorías para Primaria, dirixido ao alumnado, ao profesorado e aos pais e nais, baseado nos seguintes obxectivos:

- *Orientación persoal:*
Potenciar o autoconceito e a capacidade de crítica, coñecer e atender problemas en estreita colaboración coas familias...

Orientación interpersonal:

Fomentar as relacións, as dinámicas de grupo e o traballo en equipo tanto de alumnos/as como de familias, promover contactos entre o equipo educativo e o grupo de pais e nais...

Orientación académica:

Informar a pais e nais da programación do curso, obxectivos xerais..., ofrecer técnicas de aprendizaxe, integrar o grupo no proceso de avaliación...

FUNCÍONS DO TITOR/A

Algunhas das funcións do titor/a de un grupo de alumnos/as de Educación Primaria son as seguintes:

- Facilitar a integración dos alumnos e alumnas no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Contribuír á personalización dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades especiais, ao obxecto de articular as respostas educativas adecuadas e solicitar, no seu caso, os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar a información sobre os alumnos/as que teñen os distintos profesores/as, coordinar o proceso avaliador dos alumnos/as e asesorar sobre a súa promoción.
- Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas no seu contorno sociocultural e natural.
- Favorecer no alumno/a o coñecemento e aceptación de si mesmo, así como a confianza nun mesmo, cando esta se vexa diminuída por fracasos escolares ou doutro xénero.
- Coordinar cos demais profesores/as o axuste das programacións ao grupo de alumnos/as, especialmente no referente ás respostas educativas ante necesidades especiais e/ou de apoio.
- Contribuír a desenvolver liñas comúns de acción cos demais titores/as no marco do *Proxecto Educativo do Centro*.
- Contribuír ao establecemento de relacións fluídas cos pais e nais, que faciliten a conexión entre o centro e as familias.
- Implicar as familias en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- Informar as familias de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos/as.
- Mediar con coñecemento de causa en posibles situacións de conflito entre alumnos/as e profesores/as e informar debidamente as familias.

- Canalizar a participación daquelas entidades públicas ou privadas que colaboran nos procesos de escolarización e de atención educativa a aqueles alumnos/as que proceden de contextos sociais ou culturais marxinados.

ACTIVIDADES DO TITOR/A

Algunhas das actividades prioritarias do titor/a son as seguintes:

- Ter entrevistas individuais con alumnos/as cando estes o necesiten.
- Organizar actividades de «acollida» a principio de curso para os alumnos/as que chegan ao centro por primeira vez.
- Falar a principio de curso co alumnado sobre os seus dereitos e deberes, sobre as normas de réxime interior e disciplina do centro, e informarlles tamén sobre o funcionamento deste.
- Explicarlles as funcións e tarefas que el mesmo ten como profesor/a titor/a do grupo, dándolles a oportunidade de participar na proposta e programación de actividades.
- Analizar co resto do profesorado as dificultades escolares dos alumnos/as debidas a deficiencias instrumentais, problemas de integración e outros, e buscar, se procede, os asesoramentos e apoios necesarios.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos/as na vida do centro e no contorno: elección de representantes, festas e excursións, actividades culturais e extraescolares, etc.
- Realizar actividades que mostren á comunidade a diversidade existente desde un punto de vista social, cultural e étnico, e que resalten a importancia de integrar a todos sen excepción na dinámica escolar.
- Concertar co equipo educativo un plan de acción tutorial para todo o curso, tratando de precisar o grao e modo de implicación do profesorado e tamén os aspectos que de forma específica e prioritaria atenderá o titor/a.
- Transmitir aos profesores/as todas aquelas informacións sobre o alumnado que poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.
- Preparar, coordinar e moderar as sesións de avaliación procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación continua, formativa e orientadora que se propugnan para todas as fases do proceso avaliador.
- Establecer canles de colaboración cos demais titores/as, especialmente cos do mesmo curso ou ciclo, á hora de marcar e revisar obxectivos, preparar actividades, elaborar materiais de apoio e coordinar o uso dos medios e recursos dispoñibles.

- Procurar a colaboración dos pais e nais en relación co traballo persoal dos seus fillos/as: organización do tempo de estudo en casa, lugar apropiado, necesidade de tempo libre e descanso, etc.
- Preparar visitas a empresas, servizos, lugares de lecer, etc., coa colaboración das familias.
- Coordinar grupos de discusión sobre temas formativos de interese para os pais e as nais con miras á educación dos seus fillos/as.
- Ter entrevistas individuais cos pais e as nais, cando eles as soliciten ou o titor/a as considere necesarias, axudándolles a descargar a ansiedade ante os problemas escolares dos seus fillos/as e buscando unha valoración máis global e unha actitude máis activa e responsable ante a situación.
- Ter reunións coas familias ao longo do curso. Os momentos máis oportunos poden ser ao comezo e final de curso, pero tamén cara á metade do mesmo. Estas reunións servirán para intercambiar información e analizar con eles o proceso educativo dos seus fillos/as.